

ASUNTO PLE/2022/00043212A

ACTA NÚM. 17 - SESIÓN ORDINARIA 29 DE SETEMBRO DE 2022

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:03 horas** do día **29 de setembro de 2022**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete

PP:

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez (incorpórase no punto 9)
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres
Don Pedro José Rey Sanchiz

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste o concelleiro, Don Rubén Pol Mariño

ORDE DO DÍA:

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00043212A.

Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores.

2. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00003175B.

Aprobación provisional da Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9-10 (Estrada de Vigo-Chouchiños).

3. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2022/00004336E.

Aprobación definitiva do Estudo de detalle da parcela B4b01c do parque empresarial da Sionlla.

4. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2020/00005648X.

Aprobación definitiva do Estudo de detalle dos quinteiros 1 e 2 do Plan parcial do SUP-1 (Romero Donallo).

5. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00042262L.

Delimitación de Contornas Residenciais de Rehabilitación Programada (ERRP).

6. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00043212A.

Aprobación do expediente de suplemento de crédito núm. 2022-SUPLE-01. Invetimentos en maquinaria e instalacións e actividades culturais do Auditorio de Galicia.

7. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022-CREXT-14.

Aprobación de expediente de rédito extraordinario 2022-CREXT-14 financiado co RLTGX 2021, levantamento e reparo e o REC para aprobar gastos rexistrados na conta 413.

8. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2022/00040873X.

Participación do Concello de Santiago de Compostela na Fundación Castelao.

9. MEDIO AMBIENTE E SANIDADE. Referencia: 2022/00040788V.

Constitución da Asociación de Concellos “Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle”.

10. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00041919K.

Bonificación canon Sogama 2022.

11. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para o redeseño da futura liña de alta tensión ao seu paso polo Souto e para declarar este espazo como ENIL.

12. Proposición presentada polo grupo municipal de CA sobre os obxectivos da futura taxa turística en Santiago e para o impulso dun fondo local para o fomento do turismo sustentable.

13. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para acometer unha baixada transitoria de impostos para axudar ás familias ante a situación económica.

14. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a adopción de medidas que permitan unha mellora do servizo de taxi na cidade.

15. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para a inclusión dunha liña do transporte urbano e a mellora da accesibilidade no barrio da Almáciga.

16. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para crear unha comisión de seguimento das obras pendentes consignadas para axilizar os prazos e supervisar a súa execución.

17. Dar conta de resolucións da alcaldía de delegación das atribucións da alcaldía.

18. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.

19. Rogos, preguntas e interpelacións.

Interpelacións:

- 1.- Presentada por CA sobre o desenvolvemento do plan de sostibilidade turística 2021-2023.
- 2.- Presentada polo BNG sobre as consecuencias dun modelo de turismo invasor non sustentábel e para reclamar que se garantan os dereitos da veciñanza.

Rogos:

- 1.- Presentado polo BNG para mellora seguranza viaria na Ameixaga.
- 2.- Presentado polo BNG para mellorar o transporte público en Villestro.
- 3.- Presentado polo BNG para dotar as Fontiñas dun novo parque.
- 4.- Presentado por CA para que o concello acometa as obras de mantemento da zona das Hortas.
- 5.- Presentado por CA para que se permita o acceso de atletas non federados ao estadio Verónica Boquete.
- 6.- Presentado por CA para que o concello controle o estacionamento na zona de Belvís.
- 7.- Presentado polo PP para o selado dun colector de lixo na rúa Fonte de Santo Antonio.
- 8.- Presentado polo PP para restituír un poste de luminaria en Carballal-Villestro.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Formulada por CA sobre a ocupación de espazo público por parte das terrazas.
- 2.- Formulada polo BNG sobre reforma do estación intermodal.
- 3.- Formulada polo BNG sobre sancións por denuncias efectuadas pola Policía Local o día 25 de xullo.
- 4.- Formulada por CA sobre o conflito laboral na rede de centros socioculturais.
- 5.- Formulada por CA sobre aparcamento no CEIP Mestre Rodríguez Xixirei.
- 6.- Formulada polo BNG sobre a utilización das instalacións deportivas de San Lázaro por persoas afeccionadas ao atletismo.
- 7.- Formulada polo PP sobre o proxecto de expropiación para acondicionamento do Parque Arqueolóxico da Rocha.
- 8.- Formulada polo PP sobre o certame galego de Bandas de Música Populares.
- 9.- Formulada polo PP sobre medidas adoptadas para solucionar a problemas das persoas que piden esmola na rúa.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Formulada por CA sobre a actuación da Policía Local na alameda na mañá do 25 de xullo.
- 2.- Formulada por CA sobre a recepción parcial e a recepción final das obras de Concheiros.
- 3.- Formulada polo BNG sobre colector de recollida de lixo en Meixonfrío.
- 4.- Formulada polo BNG sobre retiradas de colectores de residuos na rúa Feliciano Barrera Fernández.
- 5.- Formulada polo BNG sobre o servizo de autobuses de Calo.

20. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

- 1.-Presentada polo PSdeG-PSOE en defensa do servizo básico e esencial da educación pública.
- 2.- Presentada por CA para a mellora da conexión ciclista do futuro tramo da vía verde de Santiago co centro urbano.
- 3.- Presentada por CA para a publicación urxente dunha convocatoria de axudas a entidades profesionais e sen ánimo de lucro que apoie os gastos correntes para promover o mantemento de actividades culturais.
- 4.- Presentada por CA en apoio da iniciativa lexislativa popular promovida pola plataforma SOS sanidade pública.
- 5.- Presentada polo BNG para incluír Santiago na rede ferroviaria de mercadorías que deseña o goberno do estado.
- 6.- Presentada polo BNG para recoñecer, divulgar e investigar sobre o labor do Seminario de Estudos Galegos na celebración do centenario da súa Fundación.
- 7.- Presentada polo BNG para apoiar as demandas da Iniciativa Lexislativa Popular da Plataforma SOS Sanidade Pública.
- 8.- Presentada polo BNG para frear o proxecto da liña de alta tensión que pode destruír o espazo natural do Souto.
- 9.- Presentada polo PP para acometer a segunda fase das obras da rúa Altiboia, eliminando os restos de obra existentes.
- 10.- Presentada polo PP para a axilización e priorización dos traballos de roza e limpeza de fincas municipais.
- 11.- Presentada polo PP para subsanar o trato discriminatorio na subvención de bolsas de comedor que concede o concello.
- 12.- Presentada polo PP para rematar a execución da Autovía A-54 entre Santiago e Lugo.

Antes de entrar no estudo dos asuntos incluídos na orde do día, gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero e polo traballador do concello falecido no día de onte don José Manuel Carpinteiro.

A continuación teñen lugar as seguintes intervencións:

Don Raúl Fernández Paderne que intervéen en representación da Asociación de Veciños da Almaciga, en relación á proposición presentada polo BNG sobre liña de transporte e mellora de accesibilidade no barrio da Almaciga.

Dona Carme Iglesias Vázquez que intervéen como delegada sindical da CIG sobre a licitación da rede de centros socioculturais.

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00043212A.
Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes aproba a seguintes actas:

Acta núm. 13, sesión extraordinaria día 15/07/22.

Acta núm. 14, sesión ordinaria día 15/07/22.

Acta núm. 15, sesión ordinaria día 27/07/22.

Acta núm. 16, sesión extraordinaria día 12/09/22.

Antes de seguir co estudo dos asuntos incluídos na orde día vótase a declaración de urxencia da **moción presentada por CA sobre a necesaria construción dun aparcamento público para darlle servizo ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago**, que é declarada a urxente por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, e que será tratada no respectivo punto de “toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais.”

2. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00003175B.

Aprobación provisional da Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9-10 (Estrada de Vigo-Chouchiños).

A proposta é do seguinte teor literal:

“ 1. Obxecto e ámbito da Modificación

A modificación fórmase de oficio polo Concello de Santiago de Compostela, a través dos Servizos Técnicos de Planeamento e Xestión (SPX), co obxecto principal de executar a sentenza nº 274/2014 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditada no PO 4761/2007 (EJD 4037/2019).

A sentenza anulou as determinacións do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) no que atinxe á clasificación de concretos terreos, propiedade do recorrente, incluídos no sector de solo urbanizable SUD 9-10 (Estrada de Vigo-Chouchiños), declarando o Tribunal a súa condición de solo urbano consolidado.

Os terreos afectados pola sentenza son dúas parcelas catastrais, sitas na confluencia da rúa da Volta do Castro coa travesa da Choupana:

5864504NH3456D0001SA (Rúa da Volta do Castro, núm. 2)

5864503NH3456 (travesa da Choupana, núm. 1), dividida en dúas subparcelas, coas referencias 5864503NH3456D0001EA e 5864503NH3456D0000WP

No ámbito de estudo da presente modificación inclúense tamén as parcelas 5864501NH3456 e 5864502NH3456, xa edificadas e suxeitas á ordenanza 9 A do PXOM.

2. Planeamento vixente

O PXOM vixente inclúe os terreos afectados pola sentenza no ámbito do SUD 9-10, coa clasificación de solo urbanizable, e os cualifica como sistema viario, destinados a completar a rotonda de enlace da rúa da Volta do Castro coa travesa da Choupana.

As determinacións para o desenvolvemento do sector SUD-9-10 regúlanse no artigo 67 do PXOM.

Os terreos lindantes, non incluídos no ámbito do SUD 9-10, teñen no PXOM vixente a clasificación de solo urbano consolidado, e son edificables nas condicións da ordenanza 3.

3. Xustificación e contido da Modificación

O obxectivo principal da reforma é dar estrito cumprimento á sentenza do TSXG, que impón a categorización de dúas parcelas catastrais como solo urbano consolidado e, en consecuencia, obriga a excluílas do sector de solo urbanizable SUD 9-10, alterando así a delimitación do solo urbano e urbanizable establecida no PXOM.

En consecuencia, procédese a excluír do SUD-9-10 a parcela catastral 5864504NH3456D0001SA, e parte da 5864503NH3456⁽¹⁾, quedando as dúas parcelas afectadas clasificadas na súa totalidade como solo urbano consolidado.

Simultaneamente, procédese a axustar as previsións do Estudo económico financeiro do Plan xeral relativas á execución do enlace viario, ao se tratar dunha infraestrutura do sistema viario local de especial interese para garantir a mobilidade nesta zona da cidade. Así, en cumprimento do disposto polos artigos 59.2 da LSG e 143 do RLSG, avalíase o custo de expropiación do solo destinado á rotonda de enlace na rúa da Volta do Castro, que podería adquirirse pola administración municipal a través de calquera dos procedementos habilitados pola lexislación do solo de Galicia para a obtención de dotacións en solo urbano consolidado (artigos 129.1 da LSG e 315.1 do seu Regulamento).

A MP prevé que parte dos terreos necesarios se obteñan por cesión obrigatoria en cumprimento do disposto nos artigos 20.a) da LSG e 30.a) do RLSG, que obrigan aos propietarios de solo urbano consolidado a *ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a vías situados fóra das alifiações establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente*. Así, no plano de ordenación nº 4 figura delimitado o terreo de cesión obrigatoria esixible aos propietarios da parcela 5864503NH3456, para os efectos de cumprimento do deber de cesión de vías establecido na normativa aplicable.

Polo que atinxe á urbanización ou execución do enlace viario, remítese a un proxecto específico de obras que asegure a súa correcta integración no contorno, coa previa autorización do órgano competente en materia de protección do patrimonio cultural. Con esta finalidade propónse instar a colaboración da Xunta de Galicia, ao se tratar dunha actuación vinculada á integración do Camiño Portugués, ao tempo que resulta determinante para resolver a accesibilidade ao Complexo do Hospital Clínico Universitario.

A MP inclúe un Estudo económico-financieiro, que incorpora tamén as memorias de viabilidade e de sostibilidade económicas esixidas polo artigo 143 do RLSG.

En cumprimento do esixido polo artigo 75.2 da vixente Lei 5/2010 do patrimonio cultural de Galicia (LPCG), incorpórase á ordenación do SUD 9-10 o trazado do

¹ *A outra parte desta parcela xa figuraba no PXOM vixente coa condición de solo urbano consolidado.*

Camiño Portugués que consta definitivamente aprobado pola Xunta de Galicia a través do Decreto 154/2013, do 5 de setembro, polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela (publicado no Diario Oficial de Galicia número 184 do 26.09.13).

A transposición deste novo trazado do Camiño Portugués –que difire do previsto no PXOM vixente- obriga a revisar as condicións particulares definidas no artigo 67, en particular no que atinxe ao emprazamento dos espazos libres públicos, que deberán situarse na zona de protección do camiño. Esta afección do Camiño Portugués, unida á que resulta dos outros elementos catalogados no ámbito (Castrizo de Conxo e petroglifo), fai preciso que se *compacte* a edificación nas zonas libres de afección sectorial. A tal fin, propónse establecer como uso global característico a vivenda colectiva, ampliar a tolerancia dos usos terciarios e dotacionais -mesmo en edificio exclusivo- ata un 50% da edificabilidade total, e suprimir o límite de densidade (33 viv/ha) fixado no Plan xeral vixente.

Complementariamente, modifícanse tamén as condicións de edificación da parcela de solo urbano que da fronte á travesía da Choupana (5864503NH3456) como de seguido se resume:

-Defínense na normativa e nos planos de ordenación as aliñacións, liñas de edificación e altura máxima (B+4), así como o solo de cesión obrigatoria, para os efectos do artigo 30.a) do RLSG.

-En todo o non previsto expresamente, aplicarase a ordenanza 4 do PXOM.

-Calquera actuación na parcela e no ámbito delimitado polo DEC/154/2013 esixe a previa autorización da DXPC.

No ámbito das parcelas. 5864501NH3456 e 5864502NH3456, xa edificadas e suxeitas á ordenanza 9 A, non se altera a ordenación vixente, limitándose a modificación puntual a introducir a seguinte previsión:

No contexto dunha rehabilitación integral das edificacións ou dunha actuación para a mellora da accesibilidade, poderá estudarse a incorporación dalgún dos espazos situados entre os bloques á rede de itinerarios públicos peonís da cidade.

Polo exposto, a modificación fundaméntase en razóns de estrita legalidade, derivadas da execución da sentenza e do cumprimento da normativa específica de protección do patrimonio cultural no ámbito territorial afectado.

4. Resultado do trámite de participación pública e informes sectoriais

A Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno municipal o 22 de decembro de 2021 e someteuse a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal La Voz de Galicia o día 7 de marzo de 2022.

Non consta a formulación de alegacións durante o trámite de participación pública.

Con data 26 de xullo de 2022 a Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu o informe esixido polo artigo 60.7 da LSG sobre os informes sectoriais autonómicos e sobre o resultado do trámite de audiencia aos Concellos limítrofes. Constan emitidos informes polo Concello de Boqueixón, polo Servizo de Prevención e Control integrados da Contaminación, polo Instituto de Estudos do

Territorio, e pola Dirección xeral do Patrimonio cultural, todos eles favorables á Modificación proposta.

O Concello solicitou con data 21.01.2022 informe da Dirección xeral de Aviación civil - que non consta emitido-, obrando no expediente informe favorable da Dirección xeral de Telecomunicacións.

Cumpridos os trámites anteriores, procede someter a Modificación á aprobación provisional do Pleno municipal, sen modificacións respecto da aprobada inicialmente. É preciso indicar que o Pleno Municipal, na sesión de 22.12.2021, aprobou unha emenda co seguinte teor literal:

Acometer as modificacións do PXOM no ámbito do SUD 9-10 (Estrada Vigo-Chouchiños) co obxecto de darlle maior superficie ás parcelas dotacionais previstas que permitan a ampliación do Complexo Hospitalario, resolver mellor os graves problemas de mobilidade e de estacionamento e facer viable o desenvolvemento do planeamento.

Considero que as modificacións sinaladas, de estimarse procedentes, serán obxecto dun novo procedemento de Modificación do PXOM, ao requirir un estudo máis específico das cuestións formuladas na emenda.

A MP que se está a tramitar agora ten como obxecto principal executar a sentenza do TSXG, ao tempo que incorpora o trazado do Camiño Portugués, efectuando os axustes mínimos e imprescindibles nas condicións particulares de ordenación do sector.

Polo tanto, concorren razóns de urxencia que obrigan a efectuar a adaptación do PXOM coa maior celeridade posible, remitindo a un estudo posterior a avaliación das outras cuestións suscitadas na emenda. Estas cuestións exceden do ámbito limitado da presente MP e poden supoñer unha reforma de maior relevancia, afectando a outras determinacións do plan xeral (aproveitamento tipo, reservas de sistema xeral) ou mesmo a outros ámbitos de planeamento (PE-9).

5. Órgano competente

O artigo 123.1.i) da Lei 7/1985 de bases do réxime local (LBRL) atribúe ao Pleno Municipal a competencia para “a *aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística*”.

O mesmo artigo 123, no seu apartado 2, esixe o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros “*para los acuerdos que corresponda adoptar al Pleno en la tramitación de los instrumentos de planeamiento general previstos en la legislación urbanística*”

Se ben o artigo 123.1.i) non contempla expresamente a aprobación provisional do planeamento xeral entre as competencias do Pleno, debe entenderse implícita polos seguintes motivos:

- Antes da actual Lei 2/2016 do solo de Galicia, o acordo de aprobación provisional era o que poñía fin á tramitación municipal do plan xeral, correspondendo á Xunta de

Galicia a aprobación definitiva, que a vixente LSG delega agora nos Concellos que contén con máis de 50.000 habitantes (artigo 61.2)

- Da interpretación conxunta dos apartados 1 e 2 do artigo 123, en relación co réxime competencial configurado na LBRL, resulta que se reserva ao Pleno Municipal a adopción de todos os acordos que sexa preciso adoptar no procedemento de aprobación do planeamento xeral, de xeito que a Xunta de Goberno só posúe competencias no procedemento de aprobación do planeamento de desenvolvemento (plans parciais e especiais, e estudos de detalle).

6. Proposta de aprobación provisional

Con base en todo o exposto, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Aprobar provisionalmente a *Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9-10 (Estrada de Vigo-Chouchiños)*, segundo o documento formulado polos Servizos Técnicos Municipais de Planeamento en setembro de 2022, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado.

En cumprimento do que dispoñen os artigos 60.13 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 144.13 do seu Regulamento, o expediente remitirase á Consellería competente en materia de urbanismo, a fin de que emita o informe preceptivo e vinculante, previo á aprobación definitiva.

No expediente consta a conformidade do secretario xeral do Pleno Municipal ao informe-proposta de aprobación inicial, polo que, ao non introducirse modificacións na aprobación provisional, non é preciso que emita novo informe."

Á vista da proposta transcrita, máis do ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión ordinaria do pasado día 22, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

Aprobar provisionalmente a *Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9-10 (Estrada de Vigo-Chouchiños)*, segundo o documento formulado polos Servizos Técnicos Municipais de Planeamento en setembro de 2022, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado.

En cumprimento do que dispoñen os artigos 60.13 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 144.13 do seu Regulamento, o expediente remitirase á Consellería competente en materia de urbanismo, a fin de que emita o informe preceptivo e vinculante, previo á aprobación definitiva.

No expediente consta a conformidade do secretario xeral do Pleno Municipal ao informe-proposta de aprobación inicial, polo que, ao non introducirse modificacións na aprobación provisional, non é preciso que emita novo informe.

3. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2022/00004336E.

Aprobación definitiva do Estudo de detalle da parcela B4b01c do parque empresarial da Sionlla.

A proposta é do seguinte teor literal:

“O proxecto, formulado por iniciativa particular da mercantil FINANCIERA MADERERA S.A. (Finsa) e asinado polo equipo técnico IDOM Consulting, ten por obxecto a ordenación detallada da parcela B4b01c do *Parque empresarial da Sionlla*.

A parcela B4b01c sitúase no número 61 da rúa de Castela e León, e foi creada a través do Proxecto de reparcelación aprobado pola Xunta de Goberno o 18.10.2012.

No Catastro figura coa referencia 1112803NH4511A0000JF e cunha superficie de 87.173 m².

1. Planeamento vixente

O vixente Plan xeral de ordenación municipal, na disposición final 11ª da súa normativa, remite a ordenación da parcela ao *Proxecto sectorial do Parque empresarial da Sionlla*, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 7.06.2007, que foi obxecto dunha Modificación puntual (nº 1) aprobada o 18.03.2021.

A parcela atópase suxeita á ordenanza 4 (edificación exenta), variante 4B, da normativa do Proxecto sectorial, que establece os seguintes parámetros:

Parcela mínima: 6.000 m²

Ocupación máxima: 70%

Edificabilidade máxima: 0,9

Altura máxima: 12 metros

Recuamentos: *Os recuamentos mínimos a fronte e fondo de parcela así como os recuamentos laterais serán de 10 metros. O recuado de fondo ou lateral, entre parcelas da mesma titularidade, ben sexa entre parcelas do parque empresarial ou en colindancia con parcelas doutros ámbitos, poderase eliminar, coa finalidade de permitir o crecemento en continuo das instalacións das empresas existentes previa tramitación dun estudo de detalle que defina a área de movemento da edificación.*

A ordenanza 4 dispón o seguinte:

Para o caso de crecemento en continuo de empresas sobre parcelas colindantes será obrigatoria a redacción dun estudo de detalle que defina a área de movemento da edificación e a zona de colindancia onde se supriman os recuados previstos.

Os estudos de detalle xa aprobados con anterioridade a entrada en vigor da modificación nº1, manterán a súa vixencia en todo o que non contraveña as novas ordenanzas.

Condicións para o Estudo de detalle

Área de movemento da edificación. Será a resultante dos recuamentos mínimos obrigatorios. En caso de colindancia con parcela dun mesmo titular, e para favorecer o crecemento en continuo, poderase eliminar o recuado de fondo e/ou lateral entre parcelas.

Superficie máxima edificable. Será a establecida nesta ordenanza.

Altura. O Estudo de detalle poderá xustificar alturas maiores das establecidas nesta ordenanza en función das esixencias dos procesos produtivos.

Ocupación máxima. Será a establecida nesta ordenanza.

2. Obxecto e contido do Estudo de detalle

A formulación do Estudo de detalle trae causa do disposto na ordenanza 4 do Proxecto sectorial, que esixe a súa redacción cando se proxecte o “*crecemento en continuo de empresas*” sobre varias parcelas colindantes pertencentes ao mesmo titular. Con esta finalidade, a ordenanza permite exceptuar o recuamento mínimo a fondo e laterais (10 metros), mediante a redacción dun Estudo de detalle que defina a área de movemento da edificación

O Estudo de detalle presentado define a área de movemento da edificación proxectada na parcela, en continuidade coa das parcelas adxacentes B4b01d e B4b01e², concretando as rasantes e a altura da nova edificación, e ordenando o uso dos espazos libres privados, todo ilo de conformidade coas determinacións vixentes da ordenanza 4 do Proxecto sectorial.

No expediente consta informe técnico favorable asinado polo arquitecto xefe do Servizo Municipal de Planeamento, no que se describe polo miúdo a proposta de ordenación, avaliándose positivamente a minimización do impacto ambiental e paisaxístico.

O Estudo de detalle presentado non afecta ao solo cualificado como sistema viario, espazos libres e equipamento, e non supón incremento da superficie edificable nin da ocupación máxima permitida no Proxecto sectorial.

A altura máxima permitida con carácter xeral é 12 metros, acadando puntualmente os 16 metros, con base nas necesidades do proceso produtivo que se xustifican no Anexo 2.

3. Tramitación

Consonte ao procedemento regulado nos artigos 80.2 da LSG e 194 do RLSG, o Estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o 16.05.2022 e someteuse a información pública durante o prazo dun mes, con citación persoal dos propietarios afectados e anuncios que para o efecto se publicaron no xornal *El Correo Gallego* e no Diario Oficial de Galicia o 21.06.22.

Non consta a formulación de alegacións no trámite de participación pública

A Dirección xeral do Patrimonio cultural emitiu informe favorable o 7.07.22.

O Estudo de detalle desenvolve as determinacións do Proxecto sectorial, dentro dos límites que para esta figura de planeamento sinalan os artigos 79 da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e 192 do seu Regulamento (RLSG).

² Estas parcelas foron ordenadas a través dun Estudo de detalle aprobado o 10.04.2019.

O órgano competente para adoptar o acordo de aprobación definitiva é o Pleno municipal, de conformidade co que dispón o artigo 123.1.i) da Lei 7/1985, de bases do réxime local.

4. Proposta de aprobación definitiva

Con base nas consideracións anteriores, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos adoptar o seguinte **ACORDO**:

Aprobar definitivamente o Estudo de detalle da parcela B4b01c do Parque Empresarial da Sionlla, asinado polo equipo técnico IDOM Consulting e promovido por FINANCIERA MADERERA S.A, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado. O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa urbanística publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSC, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei."

Á vista da proposta transcrita, máis do ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión ordinaria do pasado día 22, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

Aprobar definitivamente o Estudo de detalle da parcela B4b01c do Parque Empresarial da Sionlla, asinado polo equipo técnico IDOM Consulting e promovido por FINANCIERA MADERERA S.A, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado. O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa urbanística publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSC, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

4. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2020/00005648X.

Aprobación definitiva do Estudo de detalle dos quinteiros 1 e 2 do Plan parcial do SUP-1 (Romero Donallo).

A proposta é do seguinte teor literal:

"O Estudo de detalle, formulado por iniciativa particular de SANTIAGO SUR GALICIA S.L e elaborado polo arquitecto Fernando Arteaga Ros, ten por obxecto reordenar o

volumen edificable permitido polo Plan parcial do SUP-1 no ámbito conxunto dos quinteiros 1 e 2.

O ámbito territorial do Estudo de detalle afecta ás seguintes parcelas catastrais:

6867717NH3466F0000XO (quinteiro 1)

6867718NH3466F00001O (quinteiro 2)

1. PLANEAMENTO VIXENTE

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), na disposición transitoria primeira da súa normativa, remite a ordenación detallada do sector de solo urbanizable SUP-1 ao documento de "*Modificación e adaptación do Plan parcial*" que consta aprobado definitivamente polo Pleno o 28 de setembro de 2006.

Con data 4 de xullo de 2022 o Pleno municipal aprobou definitivamente unha *Modificación puntual (MP) do plan parcial do SUP-1 (Romero Donallo) no ámbito dos quinteiros 1 e 2*, que habilita expresamente a aprobación dun Estudo de detalle para reordenar o volumen edificable total permitido no ámbito conxunto dos quinteiros 1 e 2, resultando así aplicables as seguintes determinacións de superficie edificable e de ocupación:

Edificabilidade total (sobre rasante): 12.565,92 m²c

Ocupación máxima:

Sobre rasante: 2089,05 m²

Baixo rasante: 4220 m²

2. OBXECTO DO ESTUDO DE DETALLE

O Estudo de detalle reordena o volumen edificable permitido polo plan parcial vixente no ámbito conxunto dos quinteiros 1 e 2, de conformidade co previsto nos artigos 79 da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e 192 do seu Regulamento (RLSG).

Segundo indica o informe da arquitecta municipal, o proxecto substitúe as dúas torres exentas previstas polo plan parcial no quinteiro 1, propoñendo un novo volumen que se dispón *engarzado* ou integrado co do quinteiro 2, o que permite unha distribución máis racional dos espazos resultantes.

A reordenación proposta mantén a superficie edificable e ocupación totais permitidas polo plan parcial vixente no ámbito conxunto dos dous quinteiros afectados, e non incrementa a altura máxima da edificación proxectada en cada quinteiro. Tampouco supón modificación das superficies cualificadas como viario, espazos libres públicos nin dotacións públicas.

3. TRAMITACIÓN

Consonte ao procedemento regulado no artigo 194 do RLSG, o Estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o día 7.02.2022, e someteuse a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal El Correo Gallego de data 17.03.22. Simultaneamente practicouse citación persoal aos propietarios das parcelas afectadas,

segundo figuran no Catastro, e publicouse edicto no Boletín Oficial do Estado de 17.03.22 .

Non consta a formulación de alegacións no trámite de participación pública.

No expediente obran informes favorables emitidos pola Demarcación de Estradas do Estado e pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Consta tamén informe de Augas de Galicia, no que sinala que o Estudo de detalle non afecta ás competencias do organismo de conca, e advirte da obrigatoriedade de obter autorización para calquera actuación que pretenda executarse nas zonas de servidume e de policía de augas, así como para calquera aproveitamento de augas.

O Estudo de detalle desenvolve as determinacións do plan parcial vixente no ámbito dos dous quinteiros afectados, e cumpre os requisitos sinalados no artigo 192 e seguintes do Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

O órgano competente para adoptar o acordo de aprobación definitiva é o Pleno Municipal, consonte ao disposto no artigo 123.1.i) da Lei 7/1985 de bases do réxime local.

4. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Con base nas consideracións anteriores, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos adoptar o seguinte **ACORDO**:

Aprobar definitivamente o Estudo de detalle dos quinteiros 1 e 2 do Plan parcial do SUP-1 (Romero Donallo), asinado polo arquitecto Fernando Arteaga Ros e promovido por SANTIAGO SUR GALICIA SL, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa urbanística publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSC, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei."

Á vista da proposta transcrita, máis do ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos, correspondente a súa sesión ordinaria do pasado día 22, o Pleno da Coporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e de CA (9 PSdeG-PSOE e 5 CA) e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PP e do BNG (7 PP e 2 BNG) acorda:

Aprobar definitivamente o Estudo de detalle dos quinteiros 1 e 2 do Plan parcial do SUP-1 (Romero Donallo), asinado polo arquitecto Fernando Arteaga Ros e promovido por SANTIAGO SUR GALICIA SL, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa urbanística publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

5. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00042262L.
Delimitación de Contornas Residenciais de Rehabilitación Programada (ERRP).

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Con data 6 de outubro de 2021 publícase o Real decreto 853/2021 de 5 de outubro (BOE núm. 239), no que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Este Real Decreto define (Capítulo II) o Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio, que ten por obxecto (artigo 9) financiar a realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios de uso predominante residencial e vivendas, incluídas as vivendas unifamiliares, e de urbanización o reurbanización de espazos públicos dentro de ámbitos de actuación denominados Contornas Residenciais de Rehabilitación Programada (ERRP) previamente delimitados.

Estas ERRP deben cumprir (artigo 10) dous requisitos:

- a) Trátase de un barrio o zona delimitada territorialmente por acordo da administración autonómica o local correspondente. Poderá ser continuo o discontinuo.
- b) Polo menos un 50% da superficie construída sobre rasante, podéndose excluír as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existente dentro da CRRP o da edificabilidade resultante segundo o planeamento vixente, deberá ter como uso principal o residencial de vivenda.

As comunidades autónomas (artigo 12) remitirán ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana as propostas de actuacións en ERRP que pretendan financiar con cargo ao programa, e nas comisións bilaterais de seguimento subscribiranse, ca participación do concello interesado, os correspondentes acordos nos que se definirán cada unha das ERRP que vaian ser obxecto das axudas deste programa.

Con data 19 de xullo de 2022 publícase a Resolución do 8 de xullo 2022 (DOG Núm. 137) na que se regula o procedemento para participar neste Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio previsto no anterior Real Decreto, abríndose o prazo de presentación de solicitudes de participación para a anualidade 2022.

Do mesmo xeito, esta resolución establece as bases reguladoras polas que se rexerán as subvencións deste programa.

O importe total previsto para esta convocatoria 2022 é de 11.485.814,00 euros. Este importe poderá ser ampliado no suposto de que exista un incremento do financiamento derivado do acordo subscrito no seo da comisión bilateral de seguimento, polo que o importe final, así como as anualidades de execución, determinarase no momento da autorización do Consello da Xunta da sinatura dos acordos específicos previstos no artigo 12 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro.

De acordo a esta Resolución (noveno) poden participar neste programa os concellos que teñen algunha área de rehabilitación integral (en diante, ARI) declarada no seu termo municipal. No caso de ter (décimo) varias ARI declaradas deberán presentar unha solicitude para cada unha das áreas que queiran incorporar a este programa como ERRP, salvo que queiran agrupar máis dun ARI nuha mesma ERRP.

No caso de ERRP que procedan de áreas de rehabilitación definidas en plans estatais de vivenda, utilizando de base a documentación achegada ao plan estatal, deberá aportarse unha memoria na que se xustifiquen os requisitos establecidos para este programa e, en particular, os relativos á mellora da eficiencia enerxética.

A delimitación cartográfica do ERRP se presentará en formato dixital, a ser posible, nun ficheiro shape xeorreferenciado e unha relación que permita identificar inequivocamente a todos os inmobles incluídos sobre os que se vai actuar.

No suposto de querer agrupar mais dun ARI nunha mesma ERRP, deberá presentase antes do acordo de comisión bilateral a que fai referencia o artigo 12 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, e, en todo caso, dentro do prazo establecido, un acordo delimitando os ámbitos das ARI como un único ERRP.

Os concellos que queiran participar (décimo) no programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio na anualidade 2022 deberán presentar unha solicitude dirixida á Dirección Xeral do IGVS, segundo o modelo que figura como anexo I, no prazo de tres meses, que se contará a partir do día seguinte hábil ao da publicación desta resolución no DOG. Este prazo remata o 20 de outubro de 2022.

O presente informe se elabora para sustentar a proposta de delimitación de ERRP a partir catro Áreas de Rehabilitación Integral declaradas no Concello de Santiago de Compostela:

CASCO HISTÓRICO
Declaración_ 9 de xaneiro de 1998

BARRIO DE VISTA ALEGRE
Declaración_ 17 de abril de 2006

BARRIO DE PONTEPEDRIÑA: GRUPOS DE VIVENDAS "COMPOSTELA E CARDEAL QUIROGA PALACIOS
Declaración_ 23 de decembro de 2008)

BARRIO DE VITE
Declaración_ 15 de febreiro de 2016

CONSIDERACIÓNS

No CASCO HISTÓRICO atopamos cun ámbito histórico moi amplo, cunha casuística edilicia moi variada e complexa de analizar, e unha dinámica socioeconómica moi voluble e en constante transformación da man das dinámicas turísticas que está a sufrir.

Nos outros tres ámbitos declarados, atopamos características socioeconómicas, urbanísticas e arquitectónicas homoxéneas. Tódolos eles son barrios produto de intervencións de promoción pública de vivenda realizadas el século pasado (hasta a restauración democrática) polo desaparecido Instituto da Vivenda do Ministerio e/o directamente polo Ministerio de Vivenda.

En conxunto presentan un ámbito descontinuo pero dunha enorme homoxeneidade conceptual e social, constituíndo ademais un potente e rico patrimonio de intervención pública de vivenda social herdada de gran valor arquitectónico, nalgúns casos, e urbanístico, en todos eles, con que conta a cidade.

Para calquera reflexión que queiramos facer en política de rehabilitación edilicia na cidade, deberíamos partir da experiencia desenvolta cos dous últimos Plans de Vivenda Estatais, que abranguen entre os dous a última década: o PVE 2013_2016 e o PVE 2018_2021, así como da información que ofrece a ferramenta municipal da LIMIAR (Listaxe municipal de propietarios de edificios residenciais implicados en actuacións para a súa rehabilitación do Concello de Santiago de Compostela).

Sen embargo, este sistema funciona mais o menos ben, dependendo da situación socioeconómica en cada momento e cando existe unha expectativa certa e coñecida de axudas. É dicir, funciona ben cos sucesivos Plans de Vivenda, que, aínda con matices, veñen mantendo os seus requisitos e tipo de actuacións subvencionables polo que son coñecidos polos residentes dos ámbitos declarados.

Sen embargo, este binomio (PVEs e LIMIAR) resulta inoperativa no mesmo momento no que as actuacións subvencionables mudan tanto na súa natureza como no seu grao de exigencia (eficiencia enerxética), non sendo aptas moitas das actuacións proxectadas polas comunidades de veciños ante a expectativa de convocatorias de Plans de Vivenda para este novo Plan de Resilencia.

Polo tanto, a falta de inercia no proceso de rehabilitación dalgún destes ámbitos e de participación (incluso a nivel de comunicación cos veciños) non nos permite afinar agora unha previsión real de participación neste novo Plan particularizada para cada un dos ámbitos, máxime cando os requisitos e o nivel de rehabilitación preciso incrementábase considerablemente respecto aos Plans de Vivenda anteriores.

Así, á vista do contido do informe técnico que sustenta esta proposta, e en aras dunha maior eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración e unha maior eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, principios xerais

sancionados nas Leis de subvencións nacional e autonómica, e de acordo aos artigos noveno e décimo da Resolución do 8 de xullo, resulta lóxico, agrupar os tres ARI non históricos coma unha soa contorna (ERRP) a efectos de formalizar a correspondente solicitude de participación neste novo Plan.

Deste xeito, tal como recolle a normativa de aplicación, como xa vimos na introdución deste documento, deberemos presentar unha solicitude para cada unha das áreas que se queiran incorporar a este programa coma ERP, que no caso da agrupación prevista terá inescusablemente que contar co seu correspondente acordo de delimitación.

Á presente proposta, ademais do informe técnico xustificativo, achégase unha Memoria correspondentes á delimitación da ERP que se propón presentar que agrupa as tres ARI contemporáneas nunha soa contorna ao abeiro deste Plan de Resiliencia.

Dado que a delimitación do ARI de Casco Histórico como contorna non varía respecto á delimitación de ARI acordada no seu día polo Pleno da Corporación, non se precisa da elaboración dunha nova memoria de delimitación.

Este documento se elaboran para dar cumprimento á exigencia de delimitación previa de Contornas Residenciais de Rehabilitación Programada (ERP) para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio establecida no artigo 10 do Real Decreto, recollendo:

- . A proposta de delimitación do ámbito, que poderá ser continuo o discontinuo.
- . A xustificación do requisito de ter como uso principal o residencial de vivenda polo menos nun 50% da superficie construída sobre rasante, excluídas as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles.
- . Planimetría actualizada (en formato dixital, nun ficheiro *shape* xeoreferenciado).
- . Relación que permita identificar inequivocamente a todos os inmobles incluídos no ERP sobre os que se vai actuar.

Unha vez aprobada a delimitación das contornas no marco deste Plan, elaborárase unha Memorias Programa por cada contorna que sustentarán as solicitudes de participación que se tramiten.

PROPOSTA

Con base nas consideracións anteriores, o informe técnico e as Memorias de delimitación correspondentes, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte acordo:

Acordar a delimitación de dúas Contornas Residenciais de Rehabilitación Programada (ERP) a efectos da participación do Concello de Santiago de Compostela no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio, que ten por obxecto financiar a realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios residenciais no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia definido no Real decreto 853/2021 de 5 de outubro (BOE núm. 239), e de acordo á Resolución da Xunta do 8 de xullo 2022 (DOG Núm. 137) que regula o procedemento de participación:

1. Unha Contorna Residencial de Rehabilitación Programada (ERRP), continua, coincidente exactamente ca delimitación da Área de Rehabilitación Integral do CASCO HISTÓRICO declarada con data 9 de xaneiro de 1998.

2. Unha Contorna Residencial de Rehabilitación Programada (ERRP), descontinua, que comprende a delimitación das Área de Rehabilitación Integral do BARRIO DE VISTA ALEGRE, declarada o 17 de abril de 2006, do BARRIO DE PONTEPEDRIÑA, GRUPOS DE VIVENDAS "COMPOSTELA E CARDEAL QUIROGA PALACIOS, declarado o 23 de decembro de 2008, e do BARRIO DE VITE, declarado o 15 de febreiro de 2016.

Este acordo de delimitación das ERRP, xunto co resto de documentación preceptiva, remitirase ao IGVS no momento da solicitude de participación no Programa, que sustentarán os correspondentes acordos das comisións bilaterais entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela."

Á vista da proposta transcrita, máis do ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión ordinaria do pasado día 22, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

Acordar a delimitación de dúas Contornas Residenciais de Rehabilitación Programada (ERRP) a efectos da participación do Concello de Santiago de Compostela no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio, que ten por obxecto financiar a realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios residenciais no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia definido no Real decreto 853/2021 de 5 de outubro (BOE núm. 239), e de acordo á Resolución da Xunta do 8 de xullo 2022 (DOG Núm. 137) que regula o procedemento de participación:

1. Unha Contorna Residencial de Rehabilitación Programada (ERRP), continua, coincidente exactamente ca delimitación da Área de Rehabilitación Integral do CASCO HISTÓRICO declarada con data 9 de xaneiro de 1998.

Único. A Fundación Castelao, constituída o 28 de decembro de 1984 e coa súa sede en Santiago de Compostela, está tramitando a aprobación dunha modificación dos seus estatutos na que se contempla a posibilidade de que o Concello de Santiago de Compostela se integre no seu Padroado. Por este motivo, o 26 de agosto de 2022 remitiu unha comunicación convidando ao Concello de Santiago de Compostela a formar parte do seu Padroado e designar a un representante municipal.

CONSIDERACIÓNS

1ª. O art. 34 da Constitución recoñece "*o dereito de fundación para fins de interese xeral, con arranxo á lei*".

A Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, desenvolveu o dereito constitucionalmente recoñecido de fundación e, no que atinxe ás Administracións

Públicas, recoñeceulles a estas a “capacidade para fundar”, establecendo no seu art. 8.1 que “*poderán constituír fundacións as persoas físicas e as persoas xurídicas, sexan estas públicas ou privadas*”. Idéntica previsión recolle a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego no seu art. 9.

Tanto a lexislación estatal como a galega limitan a capacidade para fundar das persoas xurídico- públicas a o mesmo suposto: que as súas normas reguladoras o impidan.

No caso da Administración Local, a Disposición Adicional 9ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, prohibe a constitución de fundacións durante a vixencia dos plans económico- financeiros ou de axuste das Entidades Locais.

2ª. O Concello de Santiago de Compostela ten recoñecida legalmente a súa capacidade para constituír fundacións e esta non está, na actualidade, limitada consonte ao previsto na Disposición Adicional 9ª da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Por outra banda, o acordo que propón adoptar representa un exercicio limitado do dereito de fundación posto que non ten por obxecto a constitución dunha fundación local senón a adhesión ou integración nunha fundación previamente constituída.

A integración do Concello de Santiago na Fundación Castelao xúlgase conveniente á luz dos seus fins fundacionais: estimular e favorecer a lingua e a cultura galega en xeral e fomentar a identidade galega.

Neste senso, os fins de interese xeral da Fundación Castelao concordan coa actividade municipal de promoción e defensa da lingua galega postos de manifesto tanto na aprobación dos Regulamentos do uso do galego na Administración Municipal e do Consello Municipal de Normalización Lingüística, como no desenvolvemento de programas de promoción e normalización da lingua galega.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Único. Manifestar a vontade do Concello de Santiago de Compostela de participar na Fundación Castelao e de formar parte do seu Padroado.

A Xunta de Goberno Local da cidade de Santiago de Compostela, órgano competente para iso, designará ao representante municipal no Padroado da fundación.”

Á vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

Único. Manifestar a vontade do Concello de Santiago de Compostela de participar na Fundación Castelao e de formar parte do seu Padroado.

A Xunta de Goberno Local da cidade de Santiago de Compostela, órgano competente para iso, designará ao representante municipal no Padroado da fundación.

9. MEDIO AMBIENTE E SANIDADE. Referencia: 2022/00040788V.
Constitución da Asociación de Concellos “Vía Verde Compostela, Tambre,

Lengüelle”.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Único. Os Concellos de Santiago de Compostela, Cerceda, Ordes, Oroso e Tordoia son os municipios sobre os que discorre a “Vía Verde Santiago- Cerceda” e para a súa xestión e promoción teñen a vontade de constituír unha asociación cos seguintes fins:

- Xestionar, desenvolver e promocionar o camiño de sendeirismo “Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle”.
- Impulsar e dinamizar a vía verde como un elemento de cohesión territorial mediante actividades de desenvolvemento turístico sostible.
- Fomentar o coñecemento e goce do patrimonio natural, a educación ambiental e os hábitos saudables ligados ao deporte.
- Revitalizar o territorio co desenvolvemento de actividades económicas compatibles cos recursos naturais e culturais.
- Cooperar con outras entidades para a promoción dos fins da asociación.
- Impulsar a marca “Vía Verde” para a súa inclusión na axenda política das Administracións Públicas supralocais.
- Fomentar o contacto e as relacións con asociacións e entidades que teñan entre os seus fins a promoción e defensa dos recursos naturais e culturais.
- Promover as licitacións para a dinamización da Vía Verde.
- Realizar outras actividades que fomenten o desenvolvemento socioeconómico e ambiental do territorio dos concellos vinculados á marca “Vía Verde”.

CONSIDERACIÓNS

1ª. A Disposición Adicional 5ª LBRL establece nos seus apdos. 1 e 2 o seguinte:

“1. As Entidades Locais poden constituír asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, ás que se lles aplicará a súa normativa específica e, no non previsto nela, a lexislación do Estado en materia de asociacións.

2. As asociacións de Entidades Locais rexeranse polos seus estatutos, aprobados polos representantes das entidades asociadas, dos cales deberán garantir a participación dos seus membros nas tarefas asociativas e a representatividade dos seus órganos de goberno. Así mesmo, sinalarase nos estatutos a periodicidade coa que deban de celebrarse as Asembleas Xerais ordinarias, en caso de que dita periodicidade sexa superior á prevista, con carácter xeral, no artigo 11.3 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.”

2ª. A Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, establece no seu art. 2.6 recoñécelle o dereito de asociación ás entidades públicas ao establecer que “... *poderán exercer o dereito de asociación entre si, ou con particulares, como medida de fomento e apoio, sempre que o fagan en condición de igualdade de condicións con estes, ao obxecto de evitar unha posición de dominio no fundamento da asociación*”.

No mesmo senso, o art. 3 da referida Lei orgánica especifica que *“as persoas xurídico-públicas serán titulares do dereito de asociación nos termos do artigo 2.6 da presente Lei, agás que establezan o contrario as súas normas constitutivas e reguladoras, a cuxo teor terá que aterse, en todo caso, o exercicio daquel”*.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro. Manifestar a vontade do Concello de Santiago de Compostela de integrarse como socio fundador na Asociación de Concellos da “Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle”.

Segundo. Aprobar a proposta de estatutos da Asociación de Concellos da “Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle”, que se incorpora como anexo a esta proposta.

ANEXO:

Estatutos da Asociación de Concellos da “Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle”

Capítulo I

Da Asociación en xeral

Artigo 1º.- Denominación e natureza

1. Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e tendo en conta a disposición adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e demais disposicións legais. A asociación ten a seguinte denominación: “Asociación de Concellos Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle”.

2. A asociación rexerase polos citados estatutos, pola Ley orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación e polas demais lexislacións vixentes en materia de asociacións que resulte de aplicación.

3. O réxime da Asociación determinarase polo disposto nos presentes Estatutos.

Artigo 2º.- Personalidade e capacidade.

A Asociación constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar, en consecuencia, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento do fin para o que foi creada, con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico.

Artigo 3º.- Nacionalidade e Domicilio social

A Asociación que se crea ten a nacionalidade española.

No momento da constitución, o domicilio social da asociación estará situado na Casa do Concello de Oroso Código Postal 15888 sita na provincia da Coruña co teléfono 981 691 478 e con domicilio en Oroso (A Coruña), Praza Isaac Díaz Pardo s/n.

O cambio de domicilio requirirá o acordo da Asemblea Xeral, convocada expresamente para o efecto, e a modificación destes Estatutos. O acordo da Asemblea Xeral deberá ser comunicado ao Rexistro de Asociacións no prazo dun mes, e só producirá efectos, tanto para os asociados como para terceiros, dende a data da inscrición

Artigo 4º.- Ámbito de actuación

A asociación, en función dos seus fins e do lugar do seu domicilio social, exercerá as súas actividades principalmente no territorio da provincia da Coruña, e fundamentalmente nos concellos de Cerceda, Ordes, Oroso, Santiago de Compostela e Tordoia.

Artigo 5º.- Vixencia e patrimonio

1. A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, de acordo con estes estatutos, por vontade dos socios, expresada en sesión extraordinaria da Asemblea Xeral, ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2. A asociación nace sen patrimonio propio e suxeitarase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- a. Terá carácter non lucrativo.
- b. Para o cumprimento dos seus fins, a asociación contará cun orzamento formado polas achegas anuais dos seus membros, así como por outros recursos aos que teña acceso a asociación.
- c. Todos os seus ingresos destinaranse aos fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que en ningún caso se distribúa entre os asociados, nin se ceda a título gratuito a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- d. O seu patrimonio será independente do dos seus socios.
- e. Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que en ningún caso se distribúa entre os asociados, nin se transfiran gratuitamente a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- f. Anualmente, a Xunta Directiva presentarlle á Asemblea Xeral unha memoria económica do exercicio xa finalizado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de socios.
- g. Para a contratación de servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de contratos do sector público.

3. A asociación rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 6º.- Fins

Os fins da Asociación serán os seguintes:

1. Xestionar, desenvolver e promocionar este camiño natural de sendeirismo e cicloturismo, respondendo á demanda social de servizos turísticos alternativos, buscando sinerxias con outros proxectos complementarios de mobilidade sostible, do Camiño de Santiago de Compostela e doutros roteiros de valorización do patrimonio,

baixo un enfoque de fomentar o emprendemento e o asentamento da poboación no seu lugar de orixe.

2. Impulsar e dinamizar a vía verde como un elemento de cohesión territorial mediante a posta en marcha de actividades de desenvolvemento turístico sostible, que repercutan no beneficio da poboación local, en hábitos saudables e na valoración do medio rural, facilitando o acceso a experiencias deportivas, culturais e educativas en contacto coa natureza.

3. Fomentar o coñecemento e goce do patrimonio natural do territorio, mediante o acondicionamento de infraestruturas en desuso como trazados ferroviarios, etc., mantendo o seu uso público, fomentando o espazo de encontro entre a cidadanía e tendo en conta a accesibilidade e seguridade das persoas con algún tipo de discapacidade.

4. Fomentar a educación ambiental e os hábitos saudables ligados ao deporte, con especial atención aos atributos diferenciais do territorio e a historial local.

5. Fomentar o turismo, en especial o turismo de natureza, dentro dun marco de sustentabilidade, poñendo o foco no desenvolvemento socioeconómico e na mellora do benestar da poboación, da súa autoestima e percepción sobre a calidade de vida.

6. Revitalizar o territorio mediante o desenvolvemento de actividades económicas compatibles cos recursos naturais e culturais, apoiando especialmente as iniciativas locais das zonas rurais máis despobladas.

7. Impulsar accións de cooperación con outras entidades que poidan contribuír á promoción dos fins da asociación, buscando financiamento e apoios necesarios, nun exercicio de Gobernanza multiaxente (estudando alternativas de colaboración co terceiro sector e co tecido empresarial local) e de Gobernanza multinivel (na que participan diversas administracións públicas).

8. Actuar como promotor de marca Vías Verdes noutros territorios locais e comarcais, en especial como promotor na provincia da Coruña e en xeral na Comunidade Autónoma de Galicia, transferindo boas prácticas na concepción de novos proxectos de dinamización territorial ligados aos obxectivos da asociación.

9. Impulsar a marca Vía Verde para a súa inclusión na axenda política das administracións públicas supralocais, como instrumento de dinamización territorial que aglutina a recuperación da memoria da emigración e o aproveitamento de espazos degradados de uso común e público saudable.

10. Fomentar o contacto e as relacións con outras entidades de natureza análoga que teñan entre os seus fins a promoción e defensa dos recursos naturais e culturais, e en particular a xestión das Vías Verdes.

11. Promover nos concellos membros as licitacións para a dinamización da Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle que incorporen criterios de acción positiva nos seus procedementos de contratación á hora de investir en enerxías renovables, materiais reciclados, incluíndo actuacións acordes á mobilidade sostible e á economía circular, de acordo aos documentos de desenvolvemento estratéxico acordados no ámbito de actuación, para codeseñar novas actuacións e obter financiamento comunitario.

12. Realizar outras actividades que fomenten o desenvolvemento socioeconómico e ambiental do territorio dos concellos vinculados á marca Vías Verdes.

Para o cumprimento dos seus fins, a asociación poderá:

- a. Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.
- b. Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados coa mobilidade sostible, o desenvolvemento local, o turismo de natureza, a recuperación da memoria e a cohesión territorial dos concellos membros.
- c. Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
- d. Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, de ser o caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.
- e. Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.
- f. Promover estudos, publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
- g. Identificar fontes de financiamento para acometer os seus fins e xestionar as súas actividades.
- h. Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente na consecución dos obxectivos da asociación.
- i. Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

Capítulo II **SOCIOS**

Artigo 7º.- Composición

1. Poderán formar parte da asociación todos os concellos que integren a “Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle”. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da Corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e o cumprimento dos presentes estatutos. Cada concello nomeará unha persoa como representante na Asemblea Xeral.

2. O alta na asociación será solicitada pola Presidencia da Corporación, previo acordo plenario, mediante escrito dirixido á Presidencia da asociación, quen dará conta á Asemblea Xeral, e esta deberá acordar acceder ou non á admisión.

3. Calquera membro pode separarse da asociación, previo acordo plenario da Corporación correspondente. Esta separación causará efectos a partir da toma de coñecemento da Asemblea Xeral.

4. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á asociación, estará suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

Artigo 8º.- Dereitos das entidades asociadas

Os dereitos dos membros da asociación son:

- a. Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.
- b. Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno.
- c. Participar nas áreas da asociación.
- d. Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- e. Ter coñecemento da execución do orzamento.

f. Solicitarlle á Presidencia a convocatoria da Asemblea Xeral, segundo os casos, cando consideren que os seus dereitos fosen vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos que poidan formular segundo a lexislación vixente.

Artigo 9º.- Obrigacións das entidades asociadas

As obrigacións dos socios da asociación son:

- a. Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da asociación e os seus órganos de goberno.
- b. Pagar as cotas ordinarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, poidan establecerse.
- c. Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.
- d. Cumprir o resto de obrigacións que resulten das disposicións estatutarias.
- e. Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral. Sen prexuízo da perda da condición de socio por falta de pagamento das cotas sociais, en tanto se procede á súa expulsión, o socio terá en suspenso o dereito de sufraxio activo e pasivo. Dita suspensión do dereito producirase coa falta de pagamento dunha soa das cotas e mentres se proceda á súa regularización ou á perda definitiva da condición de socio.

Artigo 10º.- Perda da condición de entidade socia

A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

- a. Por acordo da Corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 7.3.
- b. Pola súa libre vontade. Para iso será suficiente a presentación de renuncia escrita dirixida á Xunta Directiva, presentada ante a Secretaría da Asociación. Os efectos serán inmediatos, dende a data da súa presentación.
Por deber máis dunha cota perderase o dereito de voto nos órganos da asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da Xunta Directiva.
- c. Os concellos que estean neste suposto verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.
- d. Perderase a condición de socio da asociación por falta de pago de tres cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.

Para a perda da condición de socio por esta causa, será requisito indispensable o acordo motivado da Xunta Directiva, adoptado por 2/3 do número de votos legalmente emitidos. Todo socio terá dereito a ser informado dos feitos que dean lugar á expulsión e a ser ouvido con carácter previo á adopción de devandito acordo. No suposto de sanción de separación do socio requirírase, en todo caso, a ratificación da Asemblea Xeral.

Artigo 11º.- Membros amigos

1. Poderán participar na asociación os denominados “Membros amigos”, que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción da “Vía Verde Compostela, Tambre, Lengúelle” e do seu territorio.

2. A condición de “Membro amigo” supón que pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obrigaón do pago de cotas.

3. Para obter a condición de “Membro amigo” a entidade ou organismo interesado deberá solicitarlle á Presidencia a admisión argumentando o seu vínculo co territorio e coa marca de Vía Verde. Será a Asemblea Xeral a que acorde acceder ou non á admisión.

Capítulo III

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 12º.- Órganos de Goberno

Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- a. Asemblea Xeral onde están representados todos os socios.
- b. Xunta Directiva, que é o órgano de goberno da asociación e está formada pola Presidencia, Secretaría, Vicepresidencia, Tesouraría e Vogal.
- c. Presidencia.

Artigo 13º.- Asemblea Xeral

A asemblea é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, representación que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

Artigo 14º.- Facultades da Asemblea Xeral

Son competencias da Asemblea Xeral:

- a. Aprobar a modificación dos estatutos.
- b. Aprobar o plan de actuacións da asociación.
- c. Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno.
- d. Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias.
- e. Disolver a asociación.
- f. Establecer a estrutura organizativa.
- g. Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.
- h. Aprobar a admisión de novos socios e “Membros amigos”.

Artigo 15º.- Sesións

- 1. As sesións que celebre a Asemblea Xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.
- 2. A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano; será convocada pola Presidencia cun mínimo de sete días naturais de antelación á data da súa celebración.
- 3. A Asemblea Xeral reunirase con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario e será convocada pola Presidencia, ou por petición de, polo menos 3 (tres) socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.

4. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela polo menos 4 (catro) socios; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde que a primeira, quedará constituída a Asemblea Xeral sempre que asista a persoa que ocupe a Presidencia e, polo menos, un socio máis, coa excepción regulada no artigo 27 para a modificación de estatutos. Exercerá a Secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta a persoa encargada da Secretaría da asociación.

Artigo 16º.- Convocatorias

1. Tanto para a sesión ordinaria da Asemblea Xeral como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora da súa celebración. A comunicación da convocatoria poderá realizarse por correo electrónico ou por outro medio acordado previamente por todos os socios.

2. Acompañará á convocatoria a orde do día, incluídos os asuntos a tratar, e deberá incluírse nel, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta asociación, fose expresamente solicitado polo menos por 2 (dúas) membros.

Artigo 17º.- Adopción de acordos

1. Todos os asuntos debateranse e votarán conforme figuren na orde do día. A persoa que exerza a Presidencia iniciará o debate, abrindo unha primeira quenda de intervencións no que se fará uso da palabra previa a súa autorización; así mesmo, moderará os debates, podendo abrir unha segunda quenda de intervencións ou conceder a palabra por alusións.

2. Os acordos adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da Presidencia.

3. No entanto, será necesaria maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen á metade dos emitidos polas persoas asociadas presentes ou representadas, para:

- a. Nomeamento das xuntas directivas e administradores.
- b. Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas.
- c. Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado.
- d. Modificación de estatutos.
- e. Destitución da persoa que ocupe a Presidencia.
- f. Disolución da entidade.

4. Os socios que a data da reunión non se atopen ao día no pago das cotas, non terán dereito a voto nin poderán ser elixidos membros da Xunta Directiva.

Artigo 18º.- Presidencia e actas

As sesións da Asemblea Xeral estarán presididas pola persoa que ocupe a Presidencia, asistida da Secretaría, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

Capítulo IV **DOUTROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

Artigo 19º.- Presidencia

1. A Presidencia da asociación será designada por elección entre as persoas representantes de cada un dos concellos. As persoas que ocupen os cargos da Secretaría e Tesouraría que completan a Xunta Directiva serán designadas por elección dos representantes dos concellos, si non houberse acordo ou non se presentase ningún representante será designada por orde alfabética, a partir do concello que ocupe a Presidencia.

Artigo 20º.- Duración dos cargos

1. A duración do mandato da Presidencia será de dous (2) anos.
2. Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán dos seus cargos polas seguintes causas:
 - a. Por dimisión, comunicada por escrito á Asemblea Xeral.
 - b. Por perda da condición de membro da asociación.
 - c. Por destitución mediante acordo da Asemblea Xeral en sesión extraordinaria, convocada para este único efecto, en tanto se non celebre a seguinte Asemblea Xeral.

Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.

3. As vacantes que se puidesen producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisionalmente entre devanditos membros até a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por tres (3) concellos, que exercerán as funcións de Presidencia, Secretaría e Tesouraría.

Artigo 21º.- Funcións da Presidencia

A persoa que ocupe a Presidencia da asociación serao tamén da Asemblea Xeral, e terá as seguintes atribucións:

- a. Representar legalmente á Asociación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas.
- b. Tutelar a Oficina Técnica de Xestión.
- c. Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral, con voz, voto e voto de calidade.
- d. Ordenar e autorizar pagos.
- e. Asinar, en nome da asociación, cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, contribucións derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións públicas e dos organismos dependentes delas ou doutras entidades, públicas ou non, e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da asemblea.
- f. Dirimir co seu voto os empates nas votacións.
- g. Visar as actas e certificacións dos acordos da Xunta Directiva e Asemblea Xeral.
- h. Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas funcións resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.
- i. Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Presidente da Xunta Directiva e da Asociación.

Artigo 22º.- Funcións da Xunta Directiva

1. A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- a. A aprobación do programa de traballo e proxectos da asociación.
- b. A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola Asemblea Xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- c. O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da asociación e lle de parte á Asemblea Xeral.
- d. Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- e. Decidir sobre cuestións reservadas á Asemblea Xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola Asemblea Xeral na seguinte sesión que celebre.
- f. Velar polo bo funcionamento da asociación.
- g. Propor e aprobar a subscrición de acordos, convenios e contratos.
- h. Outorgar apoderamentos xerais ou especiais.
- i. Organizar e desenvolver as actividades aprobadas pola Asemblea Xeral.
- j. Elaborar a Memoria anual de actividades para o seu informe á Asemblea Xeral.
- k. Crear Comisións de Traballo que estime conveniente, para o desenvolvemento das funcións encomendadas e as actividades aprobadas, así como para calquera outras cuestións derivadas do cumprimento dos fins sociais. Ditas comisións regularán o seu funcionamento interno na forma que se acorden por estas na súa primeira sesión constitutiva.
- l. Resolver as solicitudes relativas á admisión de socios.
- m. As competencias que a Presidencia ou a Asemblea Xeral deleguen nela.
- n. Aprobar a concorrencia da Asociación a todo tipo de subvencións, axudas, concursos e premios, dando conta dos seus resultados á Xunta Directiva.

2. A duración do mandato dos membros da Xunta Directiva será de dous (2) anos.

Artigo 23º.- Funcións da Secretaría e Tesouraría

1. Son funcións da Secretaría:

- a. Asistir ás sesións da Xunta Directiva e Asemblea e redactar e autorizar as súas actas.
- b. Efectuar a convocatoria das sesións da Xunta Directiva e da Asemblea.
- c. Dar conta inmediata á Presidencia da solicitude de convocatoria efectuada polos socios na forma prevista no artigo 8º dos presentes Estatutos.
- d. Recibir e cursar os actos de comunicación dos membros da Xunta Directiva e dos socios así como as notificacións, peticións de datos, rectificacións, certificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.
- e. Tramitar os acordos sociais inscribibles aos Rexistros que correspondan.
- f. Preparar o despacho dos asuntos, así como a documentación que haxa de ser utilizada ou tida en conta.
- g. Expedir certificacións dos acordos aprobados e calquera outras certificacións, co visto e prace da Presidencia, así como os informes que foren necesarios.
- h. Ter baixo a súa responsabilidade e custodia o arquivo, documentos e Libros da Asociación, a excepción do/os libros de contabilidade.
- i. Calquera outras funcións inherentes á Secretaría.
- j. A función de xefatura dos servizos administrativos da asociación.

- k. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.
- l. Levantar actas dos acordos adoptados na Asemblea Xeral e a Xunta Directiva e expedir certificacións destas co visto e praxe da Presidencia.

Nos casos de ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, a persoa titular da Secretaría será substituída polo vogal de menor idade.

2. Son funcións da Tesouraría:

- a. Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.
- b. Dar cumprimento ás ordes de pago que expida a Presidencia.
- c. Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación.
- d. Calquera outras inherentes á súa condición titular da Tesouraría, como responsable da xestión económica financeira.

Artigo 24º.- Oficina Técnica de Xestión

1. A asociación poderá dispor dunha Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión.

2. A Oficina Técnica de Xestión, de conformidade coas directrices marcadas pola Presidencia, establécese co fin de desenvolver coa maior eficacia técnica e profesional os obxectivos da asociación. De carácter eminentemente profesional, haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais.

3. Son funcións da oficina técnica de xestión en virtude dos acordos previos, sen menoscabo das que lle fosen encargadas pola Presidencia, as seguintes:

- a. Asistencia técnica á Presidencia e coordinación xeral dos proxectos e das accións da asociación.
- b. Propor á Presidencia as accións técnicas e profesionais propias dos obxectivos da asociación.
- c. Relacións de carácter técnico e profesional coas administracións públicas e entidades privadas.
- d. Convocar reunións técnicas en cantas ocasións fosen necesarias para levar adiante as propostas profesionais derivadas dos obxectivos da asociación, ou dos compromisos profesionais que puidesen xurdir.
- e. Elaborar a proposta de orzamentos anuais con desagregación por accións concretas e o orzamento de gastos e mantemento da Oficina Técnica de Xestión.
- f. Auxiliar e asesorar á Presidencia e aos concellos membros sobre estratexias que se poden desenvolver, dos documentos técnicos que se poden redactar, así como en cantas accións, plans ou proxectos que poidan ser beneficiosos para a asociación.
- g. Propor accións para a elaboración de produtos turísticos do territorio, de dinamización territorial e establecer contactos e relacións coas entidades sociais e as empresas e outras entidades de servizos turísticos relacionados coa asociación.
- h. Planificar e organizar os programas anuais de traballo da asociación en orde a conseguir os obxectivos que se expoñen para a mesma.
- i. Asistir e participar en cantas actividades e convocatorias públicas ou privadas sexan de interese para os obxectivos desta asociación.

Capítulo V
RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 25°.- Patrimonio

1. O Patrimonio da asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigacións susceptibles de valoración económica.
2. A asociación constitúese sen patrimonio inicial.
3. O patrimonio fundacional ou inicial da Asociación no momento da súa constitución é de 0 euros.

Artigo 26°.- Dotación patrimonial

A dotación patrimonial da asociación estará integrada por todos os bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da asociación e por aqueles outros que en diante se sumen á mesma con ese carácter.

Artigo 27°.- Recursos económicos

1. Os recursos da asociación procederán de:
 - a. As cotas ordinarias, de carácter anual, que serán proporcionais, tendo en consideración o número de quilómetros de vía verde de cada concello membro cunha contía de 1000 €/Km.
 - b. As achegas extraordinarias aprobadas pola Asemblea Xeral, que deberán ser ratificadas pola Alcaldía ou Xunta de Goberno Local.
 - c. As subvencións ou axudas que se reciban.
 - d. Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.
 - e. As doazóns que poida recibir.
 - f. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.
2. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas e aprobadas pola Asemblea Xeral. As achegas extraordinarias serán determinadas e aprobadas pola Asemblea Xeral, de acordo cos criterios de reparto que ese órgano estableza, para facer fronte aos gastos extraordinarios da asociación.
3. O pago das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, e a súa falta de pagamento será causa de apercibimento.
4. A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.
5. A Asemblea Xeral aprobará anualmente as contas da Asociación, unha vez finalizado o exercicio orzamentario ao que correspondan.
6. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da asociación, nese caso será a asemblea a que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico

coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

Capítulo VI

MODIFICACIÓNS DOS ESTATUTOS

Artigo 28º.- Modificación estatutaria

1. A modificación dos estatutos deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de tres (3) dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con, polo menos dous (2) asociados.

2. O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta das persoas asistentes.

Capítulo VII

DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 29º.- Acordo de disolución

1. Son causas de disolución da asociación:

- a. Por acordo da Asemblea Xeral.
- b. As causas previstas no artigo 39 do Código Civil.
- c. A resolución xudicial firme que así o dispoña.

A disolución deberá ser acordada en sesión extraordinaria da Asemblea Xeral convocada para ese efecto co voto favorable da maioría absoluta dos asistentes.

2. Acordada a disolución, a asemblea constituirase en Comisión liquidadora, que procederá á liquidación da asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades sen fin de lucro, preferentemente vinculadas co ámbito territorial da asociación, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigacións pertinentes

3. Corresponde aos liquidadores:

- a) Velar pola integridade do patrimonio da Asociación.
- b) Concluír as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
- c) Cobrar os créditos da Asociación.
- d) Liquidar o patrimonio e pagar aos acredores.
- e) Aplicar os bens sobrantes aos fins previstos polos Estatutos.
- f) Solicitar a cancelación dos asentos no Rexistro.

4. patrimonio resultante despois de pagadas as débedas e cargas sociais, destinarase aos fins establecidos nos estatutos. En caso de insolvencia da Asociación, a Xunta Directiva ou, no seu caso, os liquidadores, han de promover inmediatamente o oportuno procedemento concursal ante o Xulgado competente

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicárase a Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e demais disposicións complementarias.”

Incorpórase a sesión a concelleira dona María Antón Vilasánchez.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

Primeiro: Manifestar a vontade do Concello de Santiago de Compostela de integrarse como socio fundador na Asociación de Concellos da “Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle”.

Segundo . Aprobar a proposta de estatutos da Asociación de Concellos da “Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle”, que se incorpora como anexo a esta proposta.

ANEXO:

Estatutos da Asociación de Concellos da “Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle”

Capítulo I **Da Asociación en xeral**

Artigo 1º.- Denominación e natureza

1. Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación , e tendo en conta a disposición adicional quinta da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e demais disposicións legais. A asociación ten a seguinte denominación: “Asociación de Concellos Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle”.

2. A asociación rexerase polos citados estatutos, pola Ley orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación e polas demais lexislacións vixentes en materia de asociacións que resulte de aplicación.

3. O réxime da Asociación determinarase polo disposto nos presentes Estatutos.

Artigo 2º.- Personalidade e capacidade.

A Asociación constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar, en consecuencia, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento do fin para o que foi creada, con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico.

Artigo 3º.- Nacionalidade e Domicilio social

A Asociación que se crea ten a nacionalidade española.

No momento da constitución, o domicilio social da asociación estará situado na Casa do Concello de Oroso Código Postal 15888 sita na provincia da Coruña co teléfono 981 691 478 e con domicilio en Oroso (A Coruña), Praza Isaac Díaz Pardo s/n.

O cambio de domicilio requirirá o acordo da Asemblea Xeral, convocada expresamente para o efecto, e a modificación destes Estatutos. O acordo da Asemblea Xeral deberá ser comunicado ao Rexistro de Asociacións no prazo dun mes, e só producirá efectos, tanto para os asociados como para terceiros, dende a data da inscrición

Artigo 4º.- Ámbito de actuación

A asociación, en función dos seus fins e do lugar do seu domicilio social, exercerá as súas actividades principalmente no territorio da provincia da Coruña, e fundamentalmente nos concellos de Cerceda, Ordes, Oroso, Santiago de Compostela e Tordoia.

Artigo 5º.- Vixencia e patrimonio

1. A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, de acordo con estes estatutos, por vontade dos socios, expresada en sesión extraordinaria da Asemblea Xeral, ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2. A asociación nace sen patrimonio propio e suxeitarase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- a. Terá carácter non lucrativo.
- b. Para o cumprimento dos seus fins, a asociación contará cun orzamento formado polas achegas anuais dos seus membros, así como por outros recursos aos que teña acceso a asociación.
- c. Todos os seus ingresos destinaranse aos fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que en ningún caso se distribúa entre os asociados, nin se ceda a título gratuito a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- d. O seu patrimonio será independente do dos seus socios.
- e. Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que en ningún caso se distribúa entre os asociados, nin se transfiran gratuitamente a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- f. Anualmente, a Xunta Directiva presentarlle á Asemblea Xeral unha memoria económica do exercicio xa finalizado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de socios.
- g. Para a contratación de servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de contratos do sector público.

3. A asociación rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 6º.- Fins

Os fins da Asociación serán os seguintes:

1. Xestionar, desenvolver e promocionar este camiño natural de sendeirismo e cicloturismo, respondendo á demanda social de servizos turísticos alternativos, buscando sinerxias con outros proxectos complementarios de mobilidade sostible, do Camiño de Santiago de Compostela e doutros roteiros de valorización do patrimonio, baixo un enfoque de fomentar o emprendemento e o asentamento da poboación no seu lugar de orixe.

2. Impulsar e dinamizar a vía verde como un elemento de cohesión territorial mediante a posta en marcha de actividades de desenvolvemento turístico sostible, que repercutan no beneficio da poboación local, en hábitos saudables e na valoración do medio rural, facilitando o acceso a experiencias deportivas, culturais e educativas en contacto coa natureza.
3. Fomentar o coñecemento e goce do patrimonio natural do territorio, mediante o acondicionamento de infraestruturas en desuso como trazados ferroviarios, etc., mantendo o seu uso público, fomentando o espazo de encontro entre a cidadanía e tendo en conta a accesibilidade e seguridade das persoas con algún tipo de discapacidade.
4. Fomentar a educación ambiental e os hábitos saudables ligados ao deporte, con especial atención aos atributos diferenciais do territorio e a historial local.
5. Fomentar o turismo, en especial o turismo de natureza, dentro dun marco de sustentabilidade, poñendo o foco no desenvolvemento socioeconómico e na mellora do benestar da poboación, da súa autoestima e percepción sobre a calidade de vida.
6. Revitalizar o territorio mediante o desenvolvemento de actividades económicas compatibles cos recursos naturais e culturais, apoiando especialmente as iniciativas locais das zonas rurais máis despobladas.
7. Impulsar accións de cooperación con outras entidades que poidan contribuír á promoción dos fins da asociación, buscando financiamento e apoios necesarios, nun exercicio de Gobernanza multiaxente (estudando alternativas de colaboración co terceiro sector e co tecido empresarial local) e de Gobernanza multinivel (na que participan diversas administracións públicas).
8. Actuar como promotor de marca Vías Verdes noutros territorios locais e comarcais, en especial como promotor na provincia da Coruña e en xeral na Comunidade Autónoma de Galicia, transferindo boas prácticas na concepción de novos proxectos de dinamización territorial ligados aos obxectivos da asociación.
9. Impulsar a marca Vía Verde para a súa inclusión na axenda política das administracións públicas supralocais, como instrumento de dinamización territorial que aglutina a recuperación da memoria da emigración e o aproveitamento de espazos degradados de uso común e público saudable.
10. Fomentar o contacto e as relacións con outras entidades de natureza análoga que teñan entre os seus fins a promoción e defensa dos recursos naturais e culturais, e en particular a xestión das Vías Verdes.
11. Promover nos concellos membros as licitacións para a dinamización da Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle que incorporen criterios de acción positiva nos seus procedementos de contratación á hora de investir en enerxías renovables, materiais reciclados, incluíndo actuacións acordes á mobilidade sostible e á economía circular, de acordo aos documentos de desenvolvemento estratéxico acordados no ámbito de actuación, para codeseñar novas actuacións e obter financiamento comunitario.
12. Realizar outras actividades que fomenten o desenvolvemento socioeconómico e ambiental do territorio dos concellos vinculados á marca Vías Verdes.

Para o cumprimento dos seus fins, a asociación poderá:

- a. Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.
- b. Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados coa mobilidade sostible, o desenvolvemento local, o turismo de natureza, a recuperación da memoria e a cohesión territorial dos concellos membros.
- c. Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
- d. Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, de ser o caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.
- e. Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.
- f. Promover estudos, publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
- g. Identificar fontes de financiamento para acometer os seus fins e xestionar as súas actividades.
- h. Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente na consecución dos obxectivos da asociación.
- i. Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

Capítulo II **SOCIOS**

Artigo 7º.- Composición

1. Poderán formar parte da asociación todos os concellos que integren a “Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle”. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da Corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e o cumprimento dos presentes estatutos. Cada concello nomeará unha persoa como representante na Asemblea Xeral.
2. O alta na asociación será solicitada pola Presidencia da Corporación, previo acordo plenario, mediante escrito dirixido á Presidencia da asociación, quen dará conta á Asemblea Xeral, e esta deberá acordar acceder ou non á admisión.
3. Calquera membro pode separarse da asociación, previo acordo plenario da Corporación correspondente. Esta separación causará efectos a partir da toma de coñecemento da Asemblea Xeral.
4. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á asociación, estará suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

Artigo 8º.- Dereitos das entidades asociadas

Os dereitos dos membros da asociación son:

- a. Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.
- b. Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno.
- c. Participar nas áreas da asociación.
- d. Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- e. Ter coñecemento da execución do orzamento.

f. Solicitarlle á Presidencia a convocatoria da Asemblea Xeral, segundo os casos, cando consideren que os seus dereitos fosen vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos que poidan formular segundo a lexislación vixente.

Artigo 9º.- Obrigacións das entidades asociadas

As obrigacións dos socios da asociación son:

- a. Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da asociación e os seus órganos de goberno.
- b. Pagar as cotas ordinarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, poidan establecerse.
- c. Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.
- d. Cumprir o resto de obrigacións que resulten das disposicións estatutarias.
- e. Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral. Sen prexuízo da perda da condición de socio por falta de pagamento das cotas sociais, en tanto se procede á súa expulsión, o socio terá en suspenso o dereito de sufraxio activo e pasivo. Dita suspensión do dereito producirase coa falta de pagamento dunha soa das cotas e mentres se proceda á súa regularización ou á perda definitiva da condición de socio.

Artigo 10º.- Perda da condición de entidade socia

A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

- a. Por acordo da Corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 7.3.
- b. Pola súa libre vontade. Para iso será suficiente a presentación de renuncia escrita dirixida á Xunta Directiva, presentada ante a Secretaría da Asociación. Os efectos serán inmediatos, dende a data da súa presentación.
Por deber máis dunha cota perderase o dereito de voto nos órganos da asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da Xunta Directiva.
- c. Os concellos que estean neste suposto verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.
- d. Perderase a condición de socio da asociación por falta de pago de tres cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.
Para a perda da condición de socio por esta causa, será requisito indispensable o acordo motivado da Xunta Directiva, adoptado por 2/3 do número de votos legalmente emitidos. Todo socio terá dereito a ser informado dos feitos que dean lugar á expulsión e a ser ouvido con carácter previo á adopción de devandito acordo. No suposto de sanción de separación do socio requirirase, en todo caso, a ratificación da Asemblea Xeral.

Artigo 11º.- Membros amigos

1. Poderán participar na asociación os denominados "Membros amigos", que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción da "Vía Verde Compostela, Tambre, Lengúelle" e do seu territorio.

2. A condición de “Membro amigo” supón que pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obrigaón do pago de cotas.

3. Para obter a condición de “Membro amigo” a entidade ou organismo interesado deberá solicitarlle á Presidencia a admisión argumentando o seu vínculo co territorio e coa marca de Vía Verde. Será a Asemblea Xeral a que acorde acceder ou non á admisión.

Capítulo III

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 12º.- Órganos de Goberno

Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- a. Asemblea Xeral onde están representados todos os socios.
- b. Xunta Directiva, que é o órgano de goberno da asociación e está formada pola Presidencia, Secretaría, Vicepresidencia, Tesouraría e Vogal.
- c. Presidencia.

Artigo 13º.- Asemblea Xeral

A asemblea é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, representación que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

Artigo 14º.- Facultades da Asemblea Xeral

Son competencias da Asemblea Xeral:

- a. Aprobar a modificación dos estatutos.
- b. Aprobar o plan de actuacións da asociación.
- c. Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno.
- d. Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias.
- e. Disolver a asociación.
- f. Establecer a estrutura organizativa.
- g. Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.
- h. Aprobar a admisión de novos socios e “Membros amigos”.

Artigo 15º.- Sesións

- 1. As sesións que celebre a Asemblea Xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.
- 2. A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano; será convocada pola Presidencia cun mínimo de sete días naturais de antelación á data da súa celebración.
- 3. A Asemblea Xeral reunirse con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario e será convocada pola Presidencia, ou por petición de, polo menos 3 (tres) socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.

4. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela polo menos 4 (catro) socios; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde que a primeira, quedará constituída a Asemblea Xeral sempre que asista a persoa que ocupe a Presidencia e, polo menos, un socio máis, coa excepción regulada no artigo 27 para a modificación de estatutos. Exercerá a Secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta a persoa encargada da Secretaría da asociación.

Artigo 16º.- Convocatorias

1. Tanto para a sesión ordinaria da Asemblea Xeral como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora da súa celebración. A comunicación da convocatoria poderá realizarse por correo electrónico ou por outro medio acordado previamente por todos os socios.

2. Acompañará á convocatoria a orde do día, incluídos os asuntos a tratar, e deberá incluírse nel, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta asociación, fose expresamente solicitado polo menos por 2 (dúas) membros.

Artigo 17º.- Adopción de acordos

1. Todos os asuntos debateranse e votarán conforme figuren na orde do día. A persoa que exerza a Presidencia iniciará o debate, abrindo unha primeira quenda de intervencións no que se fará uso da palabra previa a súa autorización; así mesmo, moderará os debates, podendo abrir unha segunda quenda de intervencións ou conceder a palabra por alusións.

2. Os acordos adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da Presidencia.

3. No entanto, será necesaria maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen á metade dos emitidos polas persoas asociadas presentes ou representadas, para:

- a. Nomeamento das xuntas directivas e administradores.
 - b. Acordo para constituir unha federación de asociacións ou integrarse nelas.
 - c. Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado.
 - d. Modificación de estatutos.
 - e. Destitución da persoa que ocupe a Presidencia.
 - f. Disolución da entidade.
4. Os socios que a data da reunión non se atopen ao día no pago das cotas, non terán dereito a voto nin poderán ser elixidos membros da Xunta Directiva.

Artigo 18º.- Presidencia e actas

As sesións da Asemblea Xeral estarán presididas pola persoa que ocupe a Presidencia, asistida da Secretaría, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

Capítulo IV **DOUTROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

Artigo 19º.- Presidencia

1. A Presidencia da asociación será designada por elección entre as persoas representantes de cada un dos concellos. As persoas que ocupen os cargos da Secretaría e Tesouraría que completan a Xunta Directiva serán designadas por elección dos representantes dos concellos, si non houberse acordo ou non se presentase ningún representante será designada por orde alfabética, a partir do concello que ocupe a Presidencia.

Artigo 20º.- Duración dos cargos

1. A duración do mandato da Presidencia será de dous (2) anos.
2. Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán dos seus cargos polas seguintes causas:
 - a. Por dimisión, comunicada por escrito á Asemblea Xeral.
 - b. Por perda da condición de membro da asociación.
 - c. Por destitución mediante acordo da Asemblea Xeral en sesión extraordinaria, convocada para este único efecto, en tanto se non celebre a seguinte Asemblea Xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.
3. As vacantes que se puidesen producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisionalmente entre devanditos membros até a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por tres (3) concellos, que exercerán as funcións de Presidencia, Secretaría e Tesouraría.

Artigo 21º.- Funcións da Presidencia

A persoa que ocupe a Presidencia da asociación serao tamén da Asemblea Xeral, e terá as seguintes atribucións:

- a. Representar legalmente á Asociación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas.
- b. Tutelar a Oficina Técnica de Xestión.
- c. Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral, con voz, voto e voto de calidade.
- d. Ordenar e autorizar pagos.
- e. Asinar, en nome da asociación, cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, contribucións derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións públicas e dos organismos dependentes delas ou doutras entidades, públicas ou non, e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da asemblea.
- f. Dirimir co seu voto os empates nas votacións.
- g. Visar as actas e certificacións dos acordos da Xunta Directiva e Asemblea Xeral.
- h. Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas funcións resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.
- i. Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Presidente da Xunta Directiva e da Asociación.

Artigo 22º.- Funcións da Xunta Directiva

1. A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:
 - a. A aprobación do programa de traballo e proxectos da asociación.
 - b. A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola Asemblea Xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
 - c. O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da asociación e lle de parte á Asemblea Xeral.
 - d. Executar os acordos da Asemblea Xeral.
 - e. Decidir sobre cuestións reservadas á Asemblea Xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola Asemblea Xeral na seguinte sesión que celebre.
 - f. Velar polo bo funcionamento da asociación.
 - g. Propor e aprobar a subscripción de acordos, convenios e contratos.
 - h. Outorgar apoderamentos xerais ou especiais.
 - i. Organizar e desenvolver as actividades aprobadas pola Asemblea Xeral.
 - j. Elaborar a Memoria anual de actividades para o seu informe á Asemblea Xeral.
 - k. Crear Comisións de Traballo que estime conveniente, para o desenvolvemento das funcións encomendadas e as actividades aprobadas, así como para calquera outras cuestións derivadas do cumprimento dos fins sociais. Ditas comisións regularán o seu funcionamento interno na forma que se acorden por estas na súa primeira sesión constitutiva.
 - l. Resolver as solicitudes relativas á admisión de socios.
 - m. As competencias que a Presidencia ou a Asemblea Xeral deleguen nela.
 - n. Aprobar a concorrencia da Asociación a todo tipo de subvencións, axudas, concursos e premios, dando conta dos seus resultados á Xunta Directiva.
2. A duración do mandato dos membros da Xunta Directiva será de dous (2) anos.

Artigo 23º.- Funcións da Secretaría e Tesouraría

1. Son funcións da Secretaría:
 - a. Asistir ás sesións da Xunta Directiva e Asemblea e redactar e autorizar as súas actas.
 - b. Efectuar a convocatoria das sesións da Xunta Directiva e da Asemblea.
 - c. Dar conta inmediata á Presidencia da solicitude de convocatoria efectuada polos socios na forma prevista no artigo 8º dos presentes Estatutos.
 - d. Recibir e cursar os actos de comunicación dos membros da Xunta Directiva e dos socios así como as notificacións, peticións de datos, rectificacións, certificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.
 - e. Tramitar os acordos sociais inscribibles aos Rexistros que correspondan.
 - f. Preparar o despacho dos asuntos, así como a documentación que haxa de ser utilizada ou tida en conta.
 - g. Expedir certificacións dos acordos aprobados e calquera outras certificacións, co visto e prace da Presidencia, así como os informes que foren necesarios.
 - h. Ter baixo a súa responsabilidade e custodia o arquivo, documentos e Libros da Asociación, a excepción do/os libros de contabilidade.
 - i. Calquera outras funcións inherentes á Secretaría.
 - j. A función de xefatura dos servizos administrativos da asociación.
 - k. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.
 - l. Levantar actas dos acordos adoptados na Asemblea Xeral e a Xunta Directiva e expedir certificacións destas co visto e prace da Presidencia.
- Nos casos de ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, a persoa titular da Secretaría será substituída polo vogal de menor idade

2. Son funcións da Tesouraría:

- a. Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.
- b. Dar cumprimento ás ordes de pago que expida a Presidencia.
- c. Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación.
- d. Calquera outras inherentes á súa condición titular da Tesouraría, como responsable da xestión económica financeira.

Artigo 24º.- Oficina Técnica de Xestión

1. A asociación poderá dispor dunha Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión.

2. A Oficina Técnica de Xestión, de conformidade coas directrices marcadas pola Presidencia, establécese co fin de desenvolver coa maior eficacia técnica e profesional os obxectivos da asociación. De carácter eminentemente profesional, haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais.

3. Son funcións da oficina técnica de xestión en virtude dos acordos previos, sen menoscabo das que lle fosen encargadas pola Presidencia, as seguintes:

- a. Asistencia técnica á Presidencia e coordinación xeral dos proxectos e das accións da asociación.
- b. Propor á Presidencia as accións técnicas e profesionais propias dos obxectivos da asociación.
- c. Relacións de carácter técnico e profesional coas administracións públicas e entidades privadas.
- d. Convocar reunións técnicas en cantas ocasións fosen necesarias para levar adiante as propostas profesionais derivadas dos obxectivos da asociación, ou dos compromisos profesionais que puidesen xurdir.
- e. Elaborar a proposta de orzamentos anuais con desagregación por accións concretas e o orzamento de gastos e mantemento da Oficina Técnica de Xestión.
- f. Auxiliar e asesorar á Presidencia e aos concellos membros sobre estratexias que se poden desenvolver, dos documentos técnicos que se poden redactar, así como en cantas accións, plans ou proxectos que poidan ser beneficiosos para a asociación.
- g. Propor accións para a elaboración de produtos turísticos do territorio, de dinamización territorial e establecer contactos e relacións coas entidades sociais e as empresas e outras entidades de servizos turísticos relacionados coa asociación.
- h. Planificar e organizar os programas anuais de traballo da asociación en orde a conseguir os obxectivos que se expoñen para a mesma.
- i. Asistir e participar en cantas actividades e convocatorias públicas ou privadas sexan de interese para os obxectivos desta asociación.

Capítulo V
RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 25º.- Patrimonio

1. O Patrimonio da asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigacións susceptibles de valoración económica.

2. A asociación constitúese sen patrimonio inicial.

3. O patrimonio fundacional ou inicial da Asociación no momento da súa constitución é de 0 euros.

Artigo 26º.- Dotación patrimonial

A dotación patrimonial da asociación estará integrada por todos os bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da asociación e por aqueles outros que en diante se sumen á mesma con ese carácter.

Artigo 27º.- Recursos económicos

1. Os recursos da asociación procederán de:

- a. As cotas ordinarias, de carácter anual, que serán proporcionais, tendo en consideración o número de quilómetros de vía verde de cada concello membro cunha contía de 1000 €/Km.
- b. As achegas extraordinarias aprobadas pola Asemblea Xeral, que deberán ser ratificadas pola Alcaldía ou Xunta de Goberno Local.
- c. As subvencións ou axudas que se reciban.
- d. Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.
- e. As doazóns que poida recibir.
- f. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

2. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas e aprobadas pola Asemblea Xeral. As achegas extraordinarias serán determinadas e aprobadas pola Asemblea Xeral, de acordo cos criterios de reparto que ese órgano estableza, para facer fronte aos gastos extraordinarios da asociación.

3. O pago das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, e a súa falta de pagamento será causa de apercibimento.

4. A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.

5. A Asemblea Xeral aprobará anualmente as contas da Asociación, unha vez finalizado o exercicio orzamentario ao que correspondan.

6. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da asociación, nese caso será a asemblea a que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

Capítulo VI **MODIFICACIÓNS DOS ESTATUTOS**

Artigo 28º.- Modificación estatutaria

1. A modificación dos estatutos deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de tres (3) dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con, polo menos dous (2) asociados.
2. O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta das persoas asistentes.

Capítulo VII DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 29º.- Acordo de disolución

1. Son causas de disolución da asociación:

- a. Por acordo da Asemblea Xeral.
- b. As causas previstas no artigo 39 do Código Civil.
- c. A resolución xudicial firme que así o dispoña.

A disolución deberá ser acordada en sesión extraordinaria da Asemblea Xeral convocada para ese efecto co voto favorable da maioría absoluta dos asistentes.

2. Acordada a disolución, a asemblea constituirase en Comisión liquidadora, que procederá á liquidación da asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades sen fin de lucro, preferentemente vinculadas co ámbito territorial da asociación, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigacións pertinentes

3. Corresponde aos liquidadores:

- a) Velar pola integridade do patrimonio da Asociación.
- b) Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
- c) Cobrar os créditos da Asociación.
- d) Liquidar o patrimonio e pagar aos acredores.
- e) Aplicar os bens sobrantes aos fins previstos polos Estatutos.
- f) Solicitar a cancelación dos asentos no Rexistro.

4. patrimonio resultante despois de pagadas as débedas e cargas sociais, destinarase aos fins establecidos nos estatutos. En caso de insolvencia da Asociación, a Xunta Directiva ou, no seu caso, os liquidadores, han de promover inmediatamente o oportuno procedemento concursal ante o Xulgado competente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicárase a Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e demais disposicións complementarias.”

10. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00041919K. Bonificación canon Sogama 2022.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ ANTECEDENTES

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, mediante Resolución de 19 de xaneiro de 2022 publicada no DOG núm. 19 de venres, 28 de xaneiro de 2022, publicou o importe do canon unitario do tratamento por tonelada de residuos domésticos a aplicar á Sociedade Galega de Medio Ambiente SA (Sogama) para o ano 2022 que se fixa en 66,00 t/€ máis IVE, así como do canon bonificado aplicable a dito ano que se fixa en 59,40 euros por tonelada de residuos domésticos xestionada máis o incremento do IVE. Este canon bonificado resulta aplicable ás entidades locais que cumpran no ano 2021 as condicións específicas establecidas no apartado tres bis da Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, na sesión ordinaria celebrada o 22 de setembro de 2022 dictaminou favorablemente o asunto “Bonificación do Canon de Sogama para o ano 2022”.

CONSIDERACIÓNS

No BOP da Coruña Núm 114 o Concello de Santiago publicou a aprobación definitiva do expediente 2019/01 de modificación da ordenanza fiscal 3.16 de taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos que textualmente contempla:

“III) TEXTO DA NOVA DISPOSICIÓN ADICIONAL E DA DISPOSICIÓN FINAL DA ORDENANZA FISCAL 3.16 DE TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS “Disposición adicional: Cando a Xunta de Galicia resolva aplicar para un exercicio a bonificación do canon unitario por tratamento de residuos domésticos de acordo coas condicións fixadas no punto tres bis da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, e aos efectos de manter o principio de equivalencia, aplicarase aos usuarios do servizo con tarifa incluída no apartado 5.1 un desconto en función do importe que supoña a minoración que estableza a Administración autonómica no canon. O Pleno, previo informe do servizo responsable da recollida de lixo, determinará: 1. O importe previsto de aforro no custo do canon como consecuencia da bonificación. 2. A porcentaxe de minoración a aplicar sobre a débeda neta nun único bimestre aos usuarios das tarifas incluídas no apartado 5.1. 3. O bimestre no que se aplique a porcentaxe de minoración aprobada, tendo en conta que debe permitir a acreditación do cumprimento das condicións consonte o disposto na normativa da Administración autonómica.”

De conformidade con isto, aos efectos de trasladar aos usuarios do servizo da tarifa incluída no apartado 5.1 da Ordenanza fiscal 3.16, elaborouse un informe por parte da técnica de Medio Ambiente onde se determina o importe previsto de aforro do canon con SOGAMA como consecuencia da bonificación e a porcentaxe da débeda neta a aplicar a eses usuarios.

O contrato formalizado entre o Concello e SOGAMA atópase actualmente prorrogado en virtude do disposto na resolución do 15 de decembro de 2014, publicada no DOG do 19/12/2014 sobre as condicións de adhesión das entidades locais ao sistema de xestión de residuos domésticos xestionados por SOGAMA.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro: Establecer o importe previsto de aforro no custo do canon Sogama como consecuencia da bonificación en 274.263,12 euros.

Segundo: Establecer a porcentaxe de minoración a aplicar sobre a débeda neta nun único bimestre aos usuarios das tarifas incluídas no apartado 5.1 da Ordenanza fiscal 3.16 en 24,03%.

Terceiro: Aplicar a porcentaxe de minoración aprobada no 6º bimestre de 2022.

Darase traslado do presente acordo á empresa VIAQUA ao obxecto de que realice as actuacións que procedan para emitir os recibos bonificados aos usuarios que corresponda.

Aos efectos de acreditar ante a Consellería de Medio Ambiente o cumprimento dos requisitos esixidos pola mencionada disposición adicional vixésimo primeira tres bis da Lei 3/2018, de 26 de decembro emitiranse as certificacións que procedan dentro dos dous primeiros meses do ano 2023.”

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

Primeiro: Establecer o importe previsto de aforro no custo do canon Sogama como consecuencia da bonificación en 274.263,12 euros.

Segundo: Establecer a porcentaxe de minoración a aplicar sobre a débeda neta nun único bimestre aos usuarios das tarifas incluídas no apartado 5.1 da Ordenanza fiscal 3.16 en 24,03%.

Terceiro: Aplicar a porcentaxe de minoración aprobada no 6º bimestre de 2022.

Darase traslado do presente acordo á empresa VIAQUA ao obxecto de que realice as actuacións que procedan para emitir os recibos bonificados aos usuarios que corresponda.

Aos efectos de acreditar ante a Consellería de Medio Ambiente o cumprimento dos requisitos esixidos pola mencionada disposición adicional vixésimo primeira tres bis da Lei 3/2018, de 26 de decembro emitiranse as certificacións que procedan dentro dos dous primeiros meses do ano 2023.

11. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA O REDESEÑO DA FUTURA LIÑA DE ALTA TENSIÓN AO SEU PASO POLO SOUTO E PARA A DECLARACIÓN DESTES ESPAZO COMO ENIL

A proposición presentada con data 19 de setembro de 2022 ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. A proposta de acordo ten como obxectivo o redeseño do trazado da liña aérea de alta tensión ao seu paso polo Lugar do Souto para diminuír os impactos que o actual trazado significa, así como iniciar o procedemento de declaración do Souto como Espazo Natural de Interese Local (ENIL)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia indica no seu Título II que son os Espazos naturais protexidos e en categorías se clasifican (Artigo 22), sendo unha delas o Espazo Natural de Interese Local (ENIL) tal e como desenvolve o seu Artigo 29:

Artigo 29. Espazo natural de interese local

1. Son espazos naturais de interese local aqueles espazos integrados nun ou en varios termos municipais que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais a nivel local.

2. A responsabilidade e a competencia na xestión destes espazos corresponderalles ás entidades locais, no seu ámbito territorial respectivo.

3. As entidades locais poderán constituír consorcios, mancomunidades ou outras modalidades asociativas para a xestión destes espazos e poderán subscribir acordos de cesión total ou parcial da súa xestión con entidades de custodia do territorio, sen que os ditos acordos alteren o réxime de responsabilidade previsto na alínea anterior.

4. Estes espazos non se considerarán incluídos na Rede galega de espazos protexidos, e a súa declaración como espazos naturais protexidos non implicará a asignación de recursos da Comunidade Autónoma de Galicia, aínda que poderán ter preferencia na obtención de axudas para a súa conservación e xestión.

5. Nestes espazos promoverase o desenvolvemento de actuacións de educación ambiental e uso social do ambiente.

6. A declaración dun espazo natural de interese local en terreos de propiedade privada requirirá a conformidade expresa das persoas propietarias ou titulares dun dereito de uso.

No capítulo III dese mesmo Título detállanse os procedementos de declaración dos espazos naturais protexidos indicando o Artigo 39.2 o seguinte:

2. O procedemento de declaración dun espazo natural de interese local ou dun espazo privado de interese natural iniciárase por instancia dunha das partes mediante a presentación da documentación prevista nos artigos 40 e 64.

Sendo o Artigo 40 onde se describe a tramitación do procedemento de declaración dun espazo natural protexido para o que se requirirá a elaboración dunha memoria que describa o espazo, xustifique a proposta e indique o réxime de protección que se aplicará. Esta memoria acompañarase, de ser o caso, da seguinte documentación:

a) a acreditación da conformidade das persoas propietarias ou titulares dun dereito de uso no caso de espazos naturais de interese local e espazos privados de interese natural que inclúan terreos de propiedade privada, e

b) o acordo do Pleno do concello ou dos concellos correspondentes, no caso dun espazo natural de interese local.

No caso de Santiago non contamos aínda con ningún espazo natural con este nivel de

protección, a pesar de existir dentro dos nosos límites municipais varios lugares de grande riqueza ambiental. Un destes é o lugar do Souto, nas inmediacións da Silvouta, entre as parroquias de Laraño e Vilvestro, e xa limitando co veciño concello de Ames, unha contorna de enorme valor patrimonial, arqueolóxico e etnográfico ademais de natural. Este espazo segue sen contar coa declaración de ENIL, a pesar de que na sesión plenaria do 29 de xullo de 2019 aprobouse unha moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta na que se recollía o seguinte acordo:

1. Instar a Xunta de Galicia a declarar O Souto como Espazo Natural de Interese Local (ENIL) de xeito provisional.
2. Instar ao órgano municipal competente a elaborar e presentar, nun prazo non superior a dous anos desde a declaración provisional, o plan de conservación deste espazo.

Transcorrido tres anos desde a celebración desa sesión plenaria descoñécese se o goberno municipal está levando adiante ou non algún trámite co obxectivo de impulsar a declaración do Souto como ENIL. A pesar de que no pasado pleno ordinario de setembro do 2020 a concelleira Mila Castro declaraba o seguinte, a resposta dunha pregunta de Compostela Aberta:

“xa tivemos conversas coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural, concretamente con Servizo de Conservación de espazos naturais e seguindo as instrucións que nos deron, estamos recopilando información a nivel de estudos que ten o Concello que xa se fixeran da zona (...) son estudos que están a valorar os técnicos coa crenza que serán insuficientes co cal teremos que xestionar, con algunha asistencia, técnica novas aportacións. En calquera caso, engadir que vai ser dificultoso persuadir aos titulares privados, pero unha vez que teñamos todo en orden e unha vez que se producira esta declaración de ENIL, haberá un prazo de dous anos para presentación dun plan de xestión. Ímolo intentar, pero a cousa está complicada”

Xa máis recentemente, o pasado 22 de agosto de 2022 publicouse no DOG nº128 o Acordo do 8 de agosto de 2022 da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto Liña aéreo-subterránea 220 kV SET PE A Picota 220 kV – SET colectora Nova, nos concellos de Mazaricos, Negreira, A Baña, Ames e Santiago de Compostela (A Coruña), (exp. IN408A 2020/151).

Unha parte do devandito proxecto discorre polo termo municipal de Santiago de Compostela, cunha lonxitude de 3,723 metros e despregándose trazado aéreo en simple circuito ao longo de 2,275 km mediante a instalación de 14 apoios e liña subterránea nos restantes 1,440 km ate a SET Colectora Nova. O obxectivo desta instalación é a evacuación da enerxía eléctrica xerada polos parques eólicos “A Picota” e “A Picota II” en Mazaricos a través do SET 30/220 “PE A Picota 220kV” cara a a SET Colectora “Nova” en Santiago de Compostela.

Un trazado que discorre polo Souto, a pesar do seu valor patrimonial, arqueolóxico e etnográfico ademais de ambiental. Nesta zona concéntranse bosques mestos de carballo, loureiro e freixo, charcas oligotróficas e eutróficas, e brañas. Salientar tamén que acolle tres especies de fauna protexidas pola Directivas Europeas: a papuxa do

mato, a lontra e o caracol de Quimper. Conta ca segunda masa forestal de especies autóctonas do Concello en tamaño por detrás da de San Xoán de Fecha na que atopamos exemplares de ate 3,90 m de diámetro

Tamén conta cun importantísimo patrimonio etnográfico entre o que atopamos o petróglifo do Souto, a ponte Carbita, ponte medieval que cruzaba o Río Sar un pouco máis arriba do Castro de Quistiláns (Castro de Mirás), os restos da fábrica de papel do Pego, do S.XIX e o castro de Mirás de Arriba (Quistiláns), da Idade de Ferro, todos eles elementos patrimoniais catalogados pola Xunta de Galicia xunto co xacemento da Silvouta, datado na idade de bronce descuberto durante as obras de instalación do gasoduto, tal como recolle o número 34 da revista Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio.

Malia as características descritas, o proxecto prevé a instalación de 7 apoios dentro do espazo con alturas moi por encima dos 20 metros e con catro cimentacións de formigón cada un deles. Estes afectan directamente ás masas de caducifolias autóctonas e aos seus exemplares senlleiros así como ao xacemento da Silvouta (apoios nº 159-160), alén dos impactos xerais sobre a biodiversidade e especies protexidas descritas no espazo.

Dado o singular valor ambiental e paisaxístico deste espazo, a instalación destes equipamentos terán un impacto importante na súa biodiversidade, na súa configuración paisaxística e nas afeccións a fauna e flora, alén de deturpar o significado da súa futura declaración de Espazo natural de Interese Local. A previsión de trazado soterrado no último 1.5 km en paralelo a autovía AG-56, coincidindo cos límites do Lugar do Souto fai aínda máis incomprensible este proxecto ao non terse considerado ampliar este soterramento.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno os seguintes **ACORDOS**:

1. Instar á Xunta de Galicia a redeseñar o trazado da liña aérea ao seu paso polo Lugar do Souto para realizala soterrada en paralelo a autovía AG-56 e diminuír os impactos que o actual trazado significa.

2. Instar ao órgano municipal competente a iniciar o procedemento de declaración O Souto como Espazo Natural de Interese Local (ENIL)."

Durante o debate auséntase un breve espazo de tempo o señor alcalde, presidindo a sesión dona Mercedes Rosón.

Rematado o debate que se fixo conxuntamente coa moción presentada polo BNG con relación ao mesmo tema, e despois de ser aceptada por CA a votación separada por puntos, o Pleno da Corporación acorda:

a) Por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 9 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, instar á Xunta de Galicia a redeseñar o trazado da liña aérea ao seu paso polo Lugar do Souto para realizala soterrada en paralelo á autovía AG-56 e diminuír os impactos que o actual trazado significa.

b) Por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos

municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, instar ao órgano municipal competente a iniciar o procedemento de declaración O Souto como Espazo Natural de Interese Local (ENIL).

Interrómpese a sesión cando son as 12:00 horas, e volve a reanudarse ás 12:28 horas.

12. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA SOBRE OS OBXECTIVOS DA FUTURA TAXA TURÍSTICA EN SANTIAGO E PARA O IMPULSO DUN FONDO LOCAL PARA O FOMENTO DO TURISMO SUSTENTABLE

A proposición presentada con data 20 de setembro de 2022 ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. A proposta de acordo ten como obxectivo marcar os obxectivos da futura taxa turística en Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O turismo é unha actividade económica con grande repercusión na economía compostelá, tanto en termos de renda como de emprego, constituíndo, xunto coa administración pública e a universidade, un potente sector de servizos en Santiago. Este potencial económico debería ser tomado como un instrumento estratéxico con capacidade para impulsar un desenvolvemento equitativo, territorialmente equilibrado e sustentable. Para camiñar neste sentido é imprescindible tomar medidas de mellora do benestar tanto de quen é turista como da poboación residente. Medidas no sentido de fomentar un turismo de calidade, sustentable no tempo, respectuoso co patrimonio material e ambiental, responsable socialmente e non precarizante en termos laborais.

Nos últimos anos comprobamos que este sector é especialmente sensible ás diferentes conxunturas que lle poden afectar moi profundamente, con graves consecuencias para o conxunto da cidadanía. Tamén vimos que existe un perigo real de ruptura da convivencia entre quen nos visita e as persoas que viven aquí todo o ano, un risco do que xa había síntomas nos anos previos á pandemia da Covid e ante o horizonte do Xacobeo 2021. Síntomas que alertaban, xa daquela, da urxencia de afrontar a gobernanza do turismo para evitar o turismo sen control, de contar con instrumentos de políticas públicas relativas ao turismo que promoveran unha gobernanza conxunta e participada entre as administracións públicas e o propio sector.

Neste contexto e con este obxectivo, o anterior goberno municipal impulsou o debate sobre diferentes medidas para o control do turismo, unha delas a taxa turística. Unha taxa que permita investir, a futuro, na preservación cultural, patrimonial e ambiental, así como no fomento do emprego de calidade, de xeito que Santiago destacara como destino que fomenta o desenvolvemento sustentable.

Trataríase, pois, dun imposto vinculado á actividade turística, de carácter rexenerativo, posto que o seu obxectivo sería reinvestir o recadado tanto en compensar os posibles efectos adversos do modelo turístico como en conseguir que a actividade turística reverta nunha maior calidade de vida da veciñanza, para fomentar o emprego de calidade e non precario no sector, así como para fomentar un maior atractivo como

destino turístico responsable e sustentable, revertendo todo nun maior atractivo de Santiago e nunha vantaxe competitiva fronte a outros destinos.

Unha futura taxa turística que a pesar de ser establecida no ámbito galego pode habilitar unha ampla autonomía municipal para que sexa aplicada só naqueles municipios que consideren que realmente precisan desta recadación extra para compensar os gastos derivados da actividade turística. Unha recadación e uns gastos para os que, ademais, deben habilitarse fórmulas de participación e transparencia que tamén indiquen cal será o destino dos investimentos derivados desta taxa.

A taxa turística estaría enmarcada, polo tanto, nesas novas políticas turísticas necesarias para recuperar o control sobre este sector, a gobernanza do turismo é iso precisamente, e o impulso das políticas públicas en materia de turismo e xestión da cidade. Por outra banda, a taxa desde a perspectiva impositiva debería impulsar unha redistribución fiscal para que o esforzo económico non sexa exclusivo da cidadanía compostelá, que é en quen recae actualmente a presión fiscal derivada do incremento do gasto corrente municipal por causa do constante fluxo de turistas e visitantes, o cal implica maior investimento en coidado e limpeza da cidade.

Polo tanto, con esta recadación sería desexable a creación dun fondo local para o fomento do turismo sustentable, participado por todos os niveis administrativos baixo a coordinación e dirección do Concello de Santiago. Un fondo local para o fomento do turismo sustentable que procure, entre outras posibles accións, as seguintes:

- A promoción turística de Santiago como destino responsable e de calidade
- A mellora da protección e preservación do patrimonio monumental, cultural e ambiental
- O fomento da desestacionalización e creación de mellores produtos turísticos sustentables
- A modernización do sector, infraestruturas e servizos relacionados co turismo
- O impulso de proxectos de I+D+i que contribúan á diversificación económica
- A mellora dos servizos de control e inspección sobre os equipamentos turísticos
- Un control máis estrito e efectivo das condicións laborais existentes no sector
- Unha mellora na formación e calidade do emprego
- Actuacións en políticas de acceso á vivenda e o alugueiro
- Fomento do alugueiro social con criterio de sustentabilidade enerxética

O fondo local do turismo sustentable sería compatible con outras ferramentas de ámbito galego e contaría con mecanismos de participación do sector e do tecido social, sindical, veciñal, cultural e empresarial directamente implicado, para corresponsabilizar e fixar os obxectivos e prioridades, segundo os criterios de sustentabilidade e de gobernanza do turismo.

Sobre a proposta da taxa, cómpre lembrar que, hai xa cinco anos, en outubro de 2017, o falecido catedrático de Economía Aplicada da USC, Luís Caramés, presentou no Concello de Santiago un estudo sobre a implantación da taxa turística concluíndo que esta *"sería unha medida apropiada, sempre que se faga dunha maneira proporcionada, tendo en conta as diferentes temporadas e tipos de aloxamento e utilizando ademais tipos moderados"*. Tamén apuntaba o necesario diálogo previo co sector, diálogo que se efectivizou no proceso de elaboración do Plan Estratégico do Turismo.

Neste documento, presentado en febreiro de 2018, afóndase na proposta para aplicar

esta taxa “sobre os establecementos de aloxamento, para as persoas viaxeiras que fan durmidas na cidade, pero tamén sobre as persoas excursionistas, aqueles turistas que pasan menos de 24 horas no destino”. No caso dos excursionistas, o Plan Estratéxico falaba dunha contía de 0,40 € por persoa, e dunha recadación anual estimada en 450.000 €, e sinalaba como actuación a impulsar “a mellora do funcionamento da dársena de Xoán XXIII e a aplicación da taxa aos autobuses atendendo a unha mellor regulación e non duplicidade do cobro”.

Por todo isto, e tendo en conta que estamos diante dunha necesidade urxente que compre abordar canto antes, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno os seguintes **ACORDOS**:

1. Instar á Xunta de Galicia á impulsar a habilitación dunha taxa turística, atendendo ás consideracións establecidas no Plan Estratéxico de Turismo de Santiago ao respecto de establecer o gravame en función da categoría dos establecementos e de aplicar diferentes exencións na taxa.

2. Constituír un grupo de traballo entre os grupos municipais para articular e consensuar unha proposta de ‘Fondo local para o fomento do turismo sustentable’ que permita exercer a autonomía local e municipal para, de xeito participado e corresponsable, poder fixar os obxectivos e prioridades de investimento da recadación da taxa turística.

3. Dar conta e trasladar este debate así como o acordo anterior a todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia.”

Foi presentada emenda á presente proposición polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, que non foi aceptada por CA.

Rematado o debate, e despois de ser aceptada a votación separada por puntos, o Pleno da Corporación acorda:

a) Por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 9 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, instar á Xunta de Galicia á impulsar a habilitación dunha taxa turística, atendendo ás consideracións establecidas no Plan Estratéxico de Turismo de Santiago ao respecto de establecer o gravame en función da categoría dos establecementos e de aplicar diferentes exencións na taxa.

b) Por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (9 PSdeG-PSOE e 8 PP), constituír un grupo de traballo entre os grupos municipais para articular e consensuar unha proposta de ‘Fondo local para o fomento do turismo sustentable’ que permita exercer a autonomía local e municipal para, de xeito participado e corresponsable, poder fixar os obxectivos e prioridades de investimento da recadación da taxa turística.

c) Por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 9 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, dar conta e trasladar este debate así como o acordo a todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia.

13. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA ACOMETER UNHA BAIXADA TRANSITORIA DE IMPOSTOS PARA AXUDAR ÁS FAMILIAS ANTE A SITUACIÓN ECONÓMICA.

A proposición presentada con data 20 de setembro de 2022 ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O actual Goberno Local leva rexeitado diferentes propostas en materia fiscal por parte do Grupo Popular, a pesar da boa situación financeira municipal e da falta de execución constante dos orzamentos, froito de abundantes ingresos derivados da presión fiscal que exerce sobre a veciñanza.

Ante a gravidade da situación económica que está a padecer a cidadanía é necesario que o Concello, cando a súa situación financeira o permite, afronte medidas na procura de contribuír a minorar os efectos derivados da continua alza do IPC, que no pasado mes de agosto ten alcanzado o 10,5%, cunha forte implicación dos elevados custos da enerxía eléctrica e os carburantes (nos niveis máis altos da historia), alimentos básicos e as bebidas non alcohólicas (coa taxa máis alta desde os inicios da serie en xaneiro de 1994).

Dos 200 produtos cuxo prezo rastrexan os funcionarios do INE tenda a tenda, mes a mes, no último ano (agosto de 2022 sobre o mesmo mes de 2021), o que máis subiu de prezo foron os combustibles líquidos (+79,1%); outros aceites (+71,2%); a electricidade (+60,6%); as fariñas e outros cereais (+39%) e a manteiga (+31,8%).

Resulta algo obvio que a subida da factura da luz e os alimentos impacta de cheo no poder adquisitivo de todos os fogares, ao ser bens de primeira necesidade que non poden ser substituídos e cuxa demanda non cambia en exceso polo seu prezo.

Ante este panorama, debería existir unha obriga moral por parte do Goberno e da Corporación Municipal para tratar de rebaixar transitoriamente os impostos. Primeiro, porque a situación financeira do Concello o permite, cunha media anual nos derradeiros tres anos que superan con creces a decena de millóns de euros en superávits (beneficios), ao que se suma tamén unha media anual de 44 millóns de euros en depósitos bancarios.

Só na última liquidación orzamentaria aprobada, correspondente ao ano 2021, os números son elocuentes, con 23,7 millóns de euros de beneficio e 52 millóns de euros en depósitos bancarios.

A ineludible tarefa de afrontar a saída da grave crise económica precisa tamén dun impulso do Concello para reactivar a economía, non paralizar o consumo e axudar aos máis necesitados. Ante a situación abafante que viven moitas familias ao chegar a fin de mes, é unha imperiosa necesidade axudalas con medidas que contribúan tamén á reactivación económica, e que non se paralice o consumo, dado que ao existir menos renda dispoñible o gasto constrínxese e iso pode supoñer o peche de comercios, aumento do paro, etc.

No caso do Concello de Santiago de Compostela, o máis efectivo e factible consideramos que se correspondería cunha baixada de determinados tributos locais, que supoña unha melloría nas facendas familiares e un aumento da renda dispoñible para as persoas mediante unha redución da carga fiscal que están a soportar.

O Concello de Santiago está a rexistrar cuantiosos superávits e avultados depósitos bancarios, e resulta que, o diñeiro que recada dos veciños para prestar e mellorar servizos e acometer investimentos, non o emprega. Así o evidencian os datos das últimas liquidacións.

Todos estes datos poñen de realce dous indicadores moi elocuentes: Dunha banda, a presión fiscal que se exerce sobre os veciños non está xustificada, por canto non se traslada en melloras; e doutra banda, dados os excesivos superávits do Concello é necesario facer políticas solidarias e sociais.

É preciso lembrar que non existe escusa por parte do Concello para non proceder a unha baixada de impostos, xa que o seu afán recadador non está xustificado e, ademais, onde mellor están os cartos e nos petos dos cidadáns. Existen, pois, amplas posibilidades para baixar os impostos e axudar con iso aos cidadáns e, en último termo, á urxente e necesaria reactivación económica.

A proposta que se presenta á consideración do Pleno da Corporación, concrétese no seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao Goberno local a acometer con carácter de urxencia, as seguintes medidas transitorias, durante cando menos un ano.

Neste senso, é urxente que polos servizos económicos do Concello se realice a oportuna proposta en relación as seguintes directrices en materia fiscal, para a súa posterior aprobación en pleno:

Rebaixa do Imposto de Bens Inmóveis (IBI), do 0,51% ao 0,49%.

Rebaixa do Imposto de Vehículos, ponderable segundo a clase de vehículo e a potencia fiscal, ata un 5%.

Rebaixa dos tributos locais ligados á actividade económica: o IIVTNU (Plusvalía), do 22% ao 21%, con ampliación das bonificacións; e o ICIO (construción) do 2% ao 1,8%
Supresión da taxa de apertura na maior parte dos supostos.”

Auséntase durante no debate por un breve espazo de tempo o señor alcalde, presidindo a sesión a tenente de alcalde, dona Mercedes Rosón.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, 14 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e de CA e 2 abstencións correspondentes as concelleiras do grupo municipal do BNG, polo que é rexeitada a presente proposición.

14. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS QUE PERMITAN UNHA MELLORA DO SERVIZO DE TAXI NA CIDADE

A proposición presentada con data 20 de setembro de 2022 ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai varios meses, a situación que atravesamos o servizo de taxi na cidade estase a converter nun grave problema de mobilidade para que afecta a residentes e visitantes. Son frecuentes as queixas, con reflexo habitual nos medios informativos, de persoas usuarias que denuncian a precariedade na que se está a desenvolver este importante servizo, que se está a mostrar incapaz de darlle resposta ás necesidades que se presentan.

Desde o Goberno local pódense adoptar diversas medidas acordes co papel preponderante que na ordenación e desenvolvemento desta peza básica do transporte público lle confire a lexislación, en especial a Lei 4/2013, do 30 maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia; e a o regulamento que a desenvolve, establecido polo decreto 103/2018, do 13 de setembro.

Por parte do Goberno local apenas se teñen explorado esas posibilidades de actuación que normativa lle atribúe, limitándose hai meses -cunha evidente demora- a convocar as probas de aptitude para a incorporación de novos taxistas, que polo de pronto non teñen mellorado a situación. Segundo as estimacións do equipo de Goberno os problemas deste servizo son conxunturais, limitados a determinados períodos como a Semana Santa e o verán e provocados polo elevado número de visitantes. O certo é que ao longo deste mes de setembro estamos a comprobar que esta situación se está a prolongar e ameaza con continuar nos vindeiros meses, nos que están confirmados varios congresos que atraerán a un gran número de visitantes. En todo caso, que o servizo teñan unhas eivas tan alarmantes durante varios meses, aínda que sexa de forma cíclica, debe ser motivo máis que suficiente para que o Concello impulse, de forma coordinada coa administración autonómica, algunha medida que poida achegar algunha solución a este grave problema.

Co ánimo de contribuír nesta tarefa, desde o Grupo Popular propoñemos algunha ideas nesa dirección: En primeiro lugar, consideramos axeitado que o Goberno municipal impulse de forma urxente a realización dun estudo de mobilidade sobre o funcionamento habitual deste servizo para determinar a conveniencia de ampliar as 147 licenzas de taxis existentes desde hai anos na cidade e contribuír así a mellorar a prestación dun servizo fundamental para a veciñanza e para o crecente número de visitantes que se está a rexistrar.

Este estudo, que permitiría coñecer os pormenores da prestación, aparece recollido na citada Lei de 2013 na que -a pesar de establecer para os concellos de entre 20.000 e 150.000 habitantes, con carácter xeral, unha limitación de 1 licenza por cada 1.000 habitantes- se abre a porta a que os propios concellos poidan establecer “un continxentamento específico para o seu ámbito territorial” diferente do previsto con carácter xeral, “mediante a tramitación dun procedemento que se iniciará pola realización dun estudo previo de mobilidade”.

A propia lei galega sinala que ese estudo de mobilidade deberá contemplar para o ámbito municipal o nivel de demanda e oferta de servizos de taxis; o nivel de cobertura, mediante os diferentes servizos de transporte público; a existencia de

infraestruturas de servizo público, como poden ser as vinculadas á sanidade, ao ensino, aos servizos sociais e a espazos en que se desenvolvan actividades deportivas e de ocio, e tamén a alternativa doutros sistemas de transporte de interese xeral ou outros factores que teñan incidencia na demanda de servizos de taxi; as actividades de natureza comercial, industrial, lúdica e turística ou de natureza análoga que poidan xerar unha demanda específica de servizos de taxi; e, por último, o grao de satisfacción das persoas usuarias do taxi.

Na nosa opinión, o resultado dese estudo determinaría a conveniencia ou non de ampliar o número de licenzas e serviría para avanzar no procedemento regulado que inclúe a garantía dun trámite de audiencia ás entidades representativas do sector, sindicatos e asociacións de consumidores e usuarios, así como un informe do Consello Galego de Transportes, antes de formular a proposta que, se fose o caso, o Concello debería enviar á Xunta de Galicia para que emita no prazo de 3 meses o informe preceptivo e vinculante, previo á resolución da ampliación por parte do Concello.

No caso de que non se considerase conveniente a ampliación do número de licenzas, o mesmo se o resultado fose positivo, outra das medidas a adoptar sería abordar -coa participación do sector afectado- a creación dunha área territorial de prestación conxunta, que a normativa prevé que se poida crear para coordinar os servizos de taxi entre municipios veciños nos que se aprecie unha interacción ou influencia mutua, para lograr unha adecuada ordenación destes servizos. Esta figura da área territorial de prestación conxunta, que se podería iniciar convidando aos concellos de Teo e Ames, permitiría que os taxis dos concellos adheridos prestasen os seus servizos máis alá dos termos municipais, mesmo cara a outros concellos de fóra desta área.

A creación destas áreas pode ser promovida por iniciativa municipal e deberá contar coa autorización da Xunta de Galicia, para o que se precisaría unha memoria xustificativa e unha proposta dun órgano xestor e das normas de funcionamento desa área, así como o acordo favorable dos concellos propoñentes.

A través destas vías entendemos que se poderíase mellorar de forma notable a prestación deste servizo, razón pola que presentamos á consideración do conxunta da Corporación o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao Goberno local a:

- 1.- Realizar de forma urxente un estudo de mobilidade sobre o funcionamento habitual do servizo de taxi na cidade, coa dobre finalidade de determinar a conveniencia ou non de ampliar o número de licenzas existentes, e que poida servir de base na elaboración dunha memoria xustificativa para a proposta de creación dunha área territorial de prestación conxunta que poida optimizar os recursos existentes.
- 2.- Iniciar conversas cos concellos de Teo e Ames na procura de establecer unha área territorial de prestación conxunta para os servizos de taxi existentes nestes concellos.
- 3.- Axilizar ao máximo posible os trámites para a celebración das probas de aptitude para a incorporación de novos taxistas que permitan reforzar o servizo na nosa cidade."

Auséntase durante o debate e votación da presente proposición a concelleira Dona Milagros Castro Sánchez.

Á presente proposición presenta emenda de substitución ao acordo o grupo municipal do PSdeG-PSOE, sendo aceptada polo grupo municipal do PP, polo que o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda instar ao Goberno local a:

1.- Realizar de forma urxente un estudo de mobilidade sobre o funcionamento habitual do servizo de taxi na cidade, coa dobre finalidade de determinar a conveniencia ou non de ampliar o número de licenzas existentes.

2.- Axilizar ao máximo posible os trámites para a celebración das probas de aptitude para a incorporación de novos taxistas que permitan reforzar o servizo na nosa cidade.

15. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A INCLUSIÓN DUNHA LIÑA DO TRANSPORTE URBANO E A MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO BARRIO DA ALMÁCIGA

A proposición presentada con data 20 de setembro de 2022 ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para a inclusión dunha liña do transporte urbano e a mellora da accesibilidade no barrio da Almaciga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza da Almaciga leva anos a demandar a reurbanización das rúas do Pino, de Touro e de Teo, entre outras, co fin de reordenar o tráfico, habilitar novas zonas de aparcadoiro e estudar a posibilidade de facilitar o tránsito de vehículos de dobre dirección na rúa do Pino.

Para iso, unha posíbel solución, como alternativa para estudar, é a conversión das terrazas interiores situadas entre edificios en zonas de aparcadoiro, deixando unha delas como espazo de lecer, con acceso de entrada e saída, e co obxectivo de eliminar os vehículos aparcados na rúa do Pino. Deste xeito, tamén queda máis espazo para a circulación dos autobuses.

Entre outras accións, a veciñanza organizouse recentemente para a recollida de sinaturas co fin de reclamarlle ao Concello de Santiago que se inclúa nas liñas do transporte municipal un autobús que percorra a maior parte do barrio da Almaciga e chegue á súa parte superior, para permitir evitar as costas a toda a veciñanza e, en especial, a todas as persoas con problemas de mobilidade reducida.

Na zona existen tamén eivas de accesibilidade, para o que reclaman as actuacións necesarias para garantir a autonomía da veciñanza de maior idade e con restricións de mobilidade, a través do deseño, busca de financiamento e execución de solucións avanzadas como a instalación de ascensores e/ou escaleiras ou ramplas mecánicas. Estas solucións xa se implementan noutras zonas da cidade.

Piden, ademais, que estas medidas se acompañen dun estudo de accesibilidade peonil e de tráfico rodado para automóbiles e bicicletas.

Describen a situación do seguinte xeito:

"O barrio da Almaciga localízase a uns 10 minutos a pé do centro histórico formando parte da contorna da cidade histórica. Cunha altitude de 327,3 metros, é un dos barrios máis altos da cidade. Un dos principais problemas do barrio son as empinadas costas que dan acceso ao mesmo: rúas Pastoriza, Escultor Asorey, Enfesta, Costiña, do Monte Betanzos...; escalinatas con rampas que non cumpren nin sequera coa inclinación legal: Aturuxo, Pastoriza... Todos estes lugares cando chove son esvaradíos e perigosos para a veciñanza. Máis do 25% de poboación do barrio é maior de 65 anos. Hai persoas con serios problemas de mobilidade e extremadamente dependentes das súas familias e veciñanza dada a dificultade de abordar as costas do barrio. Máis aínda, cando se teñen que facer os acopios precisos para alimentación, polo que se vén na obriga de baixar do barrio, pois non existe ningún tipo de servizo deste tipo nel.

O transporte público é inexistente, non pasa por case ningún punto do barrio. Esta problemática é unha demanda histórica da veciñanza e tamén é unha promesa incumprida polos gobernos dos últimos mandatos."

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

- 1.- O Concello de Santiago realizará un estudo para a reordenación do tráfico e das zonas de aparcadoiro do barrio da Almaciga nas inmediacións das rúas de Touro, do Pino e de Teo, co fin de analizar se é factíbel habilitar o uso das terrazas interiores como zona de estacionamento.
2. O Concello de Santiago facilitará a suba do autobús urbano á rúa Proxecto Vagalume para a mellora da accesibilidade e dos desprazamentos.
3. O Concello de Santiago estudará a proposta de instalar ramplas, ascensores ou escaleiras mecánicas para comunicar o barrio da Almaciga coa Cidade histórica."

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 8 PP e 5 CA) e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que:

- 1.- O Concello de Santiago realizará un estudo para a reordenación do tráfico e das zonas de aparcadoiro do barrio da Almaciga nas inmediacións das rúas de Touro, do Pino e de Teo, co fin de analizar se é factíbel habilitar o uso das terrazas interiores como zona de estacionamento.
2. O Concello de Santiago facilitará a suba do autobús urbano á rúa Proxecto Vagalume para a mellora da accesibilidade e dos desprazamentos.
3. O Concello de Santiago estudará a proposta de instalar ramplas, ascensores ou escaleiras mecánicas para comunicar o barrio da Almaciga coa Cidade histórica.

Faise un descanso cando son as 14:14 horas, e reanudase a sesión ás 16:04 horas, reincorporándose á mesma todos/as os/as concelleiros e concelleiras agás don Rubén Prol.

16. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CREAM UNHA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DAS OBRAS PENDENTES CONSIGNADAS PARA AXILIZAR OS PRAZOS E SUPERVISAR A SÚA EXECUCIÓN

A proposición presentada con data 20 de setembro de 2022 ten o seguinte contido:

"O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para crear unha comisión para o seguimento das obras previstas nos Orzamentos e, especialmente, nos remanentes de tesouraría, co fin de axilizar os prazos e de supervisar a súa execución.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pleno da Corporación aprobou o 17 de xuño de 2022 a distribución dos remanentes de tesouraría para favorecer o tecido comercial, cultural e asociativo, ademais de creación de emprego e de obras de seguranza viaria e accesibilidade. Tres meses despois, o Goberno local non iniciou practicamente ningunha das obras previstas pese a dispor de recursos económicos para a súa realización, cun xeito de proceder que vai na mesma liña doutras obras consignadas na aprobación inicial dos Orzamentos no Pleno do 15 de febreiro de 2022.

O tecido asociativo tamén bota en falta a convocatoria de axudas culturais e de ONGD, un feito insólito que vai repercutir de xeito negativo na ausencia de actividades organizadas desde a base da sociedade e para enriquecemento creativo da veciñanza compostelá e na falta de dinamización da programación artística con esta ausencia de apoio económico por parte do Concello de Santiago de Compostela.

Lembramos que están pendentes, entre outras, as obras aprobadas en Xunta de Goberno Local coa modificación dun expediente de crédito extraordinario, por 4.926.503 euros financiado con remanente líquido de tesouraría para gastos xerais do Concello do exercicio 2021, destinado a financiar distintas actuacións no ámbito urbano e no rural, como a reurbanización das rúas Mallou e Nogueira, da contorna de Conxo e do barrio de Sar.

O financiamento realizarase con cargo a remanente líquido de tesouraría para gastos xerais (3.322.359,4 euros) e con novos ingresos (1.604.143,6 euros) procedentes do alleamento de Patrimonio Municipal do Solo (PMS). As actuacións contempladas con cargo a este último son:

- As obras de reparación da Praza de Abastos: 504.143,6 euros.
- A reurbanización das rúas Mallou e Nogueira: 500.000 euros
- Melloras e reurbanización da contorna de Conxo: 300.000 euros
- Melloras e reurbanización do barrio do Sar: 300.000 euros.

Mentres que con cargo ao resto, 3.322.359,4 euros, entre outras, son:

- Estudo Porta do Camiño, Alameda e Intermodal: 60.000 euros
- Obras de reparación da Praza de Abastos: 62.359,4 euros.
- Reurbanización das rúas Mallou e Nogueira: 500.000 euros
- Reurbanización e mellora da accesibilidade no barrio de Vista Alegre: 100.000 euros.
- Mellora da accesibilidade e seguridade peonil na rúa dos Vileiros: 100.000 euros.
- Terceira fase de Basquiños. 350.000 euros.

- Melloras e reurbanización na contorna de Conxo: 150.000 euros.
- Melloras e reurbanización do barrio do Sar: 150.000 euros.
- Rehabilitación firmes na rúa do Home Santo, rúa do Medio, Rúa de Costa do Vedor e rúa das Fraguas e a súa contorna. 100.000 euros.
- Intervención no cruce de Xeral Pardiñas-República do Salvador: 50.000 euros.
- Remate da rotonda rúa do Hórreo: 50.000 euros.
- Proxecto de humanización do eixo de entrada Sur: rúas do Restollal e de Amor Ruibal: 200.000 euros
- Proxecto de humanización do eixo entrada Norte: rúas do Cruceiro da Coruña e de San Caetano: 200.000 euros.
- Vía verde: 300.000 euros.
- Renovación de parques infantís do barrio do Avío e Alameda: 450.000 euros.
- Mellora do acceso peonil e seguridade viaria da rúa dos Vilares (dirección polígono empresarial do Tambre): 150.000 euros
- Sinalética informativa da toponimia do ámbito rural: 250.000 euros.

Hai diversas actuacións que se financian con cargo aos dous expedientes de crédito. Son as seguintes:

- A reurbanización das rúas Mallou e Nogueira, ás que se destinarían un total de 1.000.000 de euros.
- Melloras e reurbanización da contorna de Conxo, ás que se destinarían un total de 450.000 de euros
- Melloras e reurbanización do barrio do Sar, ás que se destinarían un total de 450.000 de euros

Existen as partidas, teñen cartos, mais o Goberno local vai camiño de chegar a fin de ano coa maioría das actuacións sen executar. A tres meses de concluír 2022 non comezou practicamente ningunha destas actuacións.

Co desenvolvemento de obras parciais de mantemento en Sar, realizado durante o verán, dá a impresión de que non teñen intención de proseguir coa execución da seguinte fase da obra de Castrón Douro a Sar. Tampouco se iniciaron os traballos de obras tan demandadas pola veciñanza como as da terceira fase dos Basquiños, no tramo da Pastoriza, un proxecto de reurbanización co obxectivo de conseguir unha contorna humanizada, con incremento da seguranza viaria e peonil, ademais da mellora estética e urbana para esta vía usada para o acceso e saída do centro da cidade, xunto coa renovación das redes de augas pluviais, de saneamento e de gas. Tampouco se iniciaron as de reurbanización das rúas Mallou e Nogueira, comprometidas polo propio alcalde.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela creará unha comisión de seguimento, con representantes de todos os grupos municipais, para a supervisión dos prazos das obras previstas pendentes consignadas, co fin de axilizar os prazos e de controlar a súa execución."

Á presente proposición presentou emenda de modificación á proposta de resolución o grupo municipal do PP, e tras ser aceptada polo BNG, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 8 PP e 5 CA) e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello

crear de forma urxente unha comisión de seguimento, con representantes de todos os grupos municipais, para informar de forma periódica da tramitación e da marcha das obras previstas, especialmente das que contan con consignación orzamentaria, co fin de axilizar os prazos e de controlar a súa execución, dándolle traslado desa información ao conxunto da cidadanía.

17. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DAS ATRIBUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dase conta de resolucións da alcaldía de datas 8 e 22 de agosto de 2022, de delegación das funcións da alcaldía do 9 ao 22 de agosto, ambos inclusive, no segundo tenente de alcalde, Don Gumersindo Guinarte Cabada e do 23 ao 26 de agosto, ambos inclusive, na primeira tenente de alcalde, Dona Mercedes Rosón Ferreiro.

18. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dase conta das resolucións da alcaldía e das concellarias delegadas ditadas no período comprendido entre o 22 de xullo ao 22 de setembro de 2022.

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas das Xunta de Goberno Local:

ASUNTO XGL/2022/00037123D

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 21 de xullo de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00037201H

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 26 de xullo de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00037438W

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 26 de xullo de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00037697P

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 28 de xullo de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00037817J

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 29 de xullo de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00037835P

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 1 de agosto de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00038472R

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 4 de agosto de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00038513L

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 8 de agosto de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00039125X

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 12 de agosto de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00039455H

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 22 de agosto de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00039965E

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 26 de agosto de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00039968W

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 29 de agosto de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00040369N

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 1 de setembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00040637G

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 5 de setembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00041250L

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 8 de setembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00041385Q

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 13 de setembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00042063G

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 16 de setembro de 2022.

19. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Interpelacións:

- 1.- Presentada por CA sobre o desenvolvemento do plan de sostibilidade turística 2021-2023.
- 2.- Presentada polo BNG sobre as consecuencias dun modelo de turismo invasor non sustentábel e para reclamar que se garantan os dereitos da veciñanza.

Rogos:

- 1.- Presentado polo BNG para mellora seguranza viaria na Ameixaga.
- 2.- Presentado polo BNG para mellorar o transporte público en Villestro.
- 3.- Presentado polo BNG para dotar as Fontiñas dun novo parque.
- 4.- Presentado por CA para que o concello acometa as obras de mantemento da zona das Hortas.
- 5.- Presentado por CA para que se permita o acceso de atletas non federados ao estadio Verónica Boquete.
- 6.- Presentado por CA para que o concello controle o estacionamento na zona de Belvís.
- 7.- Presentado polo PP para o selado dun colector de lixo na rúa Fonte de Santo Antonio.
- 8.- Presentado polo PP para restituír un poste de luminaria en Carballal-Villestro.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Formulada por CA sobre a ocupación de espazo público por parte das terrazas.
- 2.- Formulada polo BNG sobre reforma do estación intermodal.
- 3.- Formulada polo BNG sobre sancións por denuncias efectuadas pola Policía Local o día 25 de xullo.
- 4.- Formulada por CA sobre o conflito laboral na rede de centros socioculturais.
- 5.- Formulada por CA sobre aparcamento no CEIP Mestre Rodríguez Xixirei.
- 6.- Formulada polo BNG sobre a utilización das instalacións deportivas de San Lázaro por persoas afeccionadas ao atletismo.
- 7.- Formulada polo PP sobre o proxecto de expropiación para acondicionamento do Parque Arqueolóxico da Rocha.
- 8.- Formulada polo PP sobre o certame galego de Bandas de Música Populares.
- 9.- Formulada polo PP sobre medidas adoptadas para solucionar a problemas das persoas que piden esmola na rúa.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Formulada por CA sobre a actuación da Policía Local na alameda na mañá do 25 de xullo.
- 2.- Formulada por CA sobre a recepción parcial e a recepción final das obras de Concheiros.
- 3.- Formulada polo BNG sobre colector de recollida de lixo en Meixonfrío.
- 4.- Formulada polo BNG sobre retiradas de colectores de residuos na rúa Feliciano Barrera Fernández.
- 5.- Formulada polo BNG sobre o servizo de autobuses de Calo.

As preguntas orais que figuran nos postos núms. 5 e 6 da relación, a 5 queda pendente para a próxima sesión plenaria ordinaria e a 6 é retirada polo grupo que a formula.

20. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

As mocións presentadas e tratadas na presente sesión son as que a continuación se transcriben:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A MELLORA DA CONEXIÓN CICLISTA DO FUTURO TRAMO DA VÍA VERDE DE SANTIAGO CO CENTRO URBANO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 4 de setembro quedou inaugurada a Vía Verde de Santiago-Cerceda, cunha andaina e unha marcha cicloturista polo tramo de Cerceda-Oroso, organizada pola Deputación da Coruña. No acto participaron o presidente do organismo provincial, o delegado do Goberno en Galicia, e os alcaldes de Cerceda, Tordoia, Ordes e Oroso, municipios polos que discorre a ruta. Tamén a concelleira de Medio Ambiente de Santiago, o único concello implicado no proxecto polo que aínda non se pode percorrer a Vía Verde.

Como é sabido, a conversión da antiga liña do ferrocarril na Vía Verde que agora por fin é xa unha realidade foi un proxecto que naceu en 2008, e que por aquel entón chegou mesmo a ter orzada unha primeira fase para a súa execución. Malia iso, a actuación quedou abandonada e foi en xaneiro de 2016 cando o Goberno de Compostela Aberta iniciou os contactos para relanzar o proxecto, implicando á Deputación da Coruña, e ampliando o percorrido previsto inicialmente aos concellos de Tordoia e Cerceda. O traballo liderado desde o Concello de Santiago e o permanente contacto con ADIF e coa Fundación Ferrocarriles Españoles foron dando os seus froitos, con fitos como a desafección definitiva dos terreos en favor dos cinco municipios implicados no proxecto, en novembro do 2016; a sinatura do Protocolo Xeral De Actuación dos Concellos de Santiago de Compostela, Oroso, Ordes, Tordoia e Cerceda para a creación, xestión, explotación e mantemento da Vía Verde, en xuño de 2017, o convenio de colaboración entre a Deputación provincial de A Coruña e os concellos de Santiago, Oroso, Ordes, Tordoia e Cerceda para o financiamento da redacción/actualización do proxecto da Vía Verde, en decembro de 2017; a sinatura do contrato de arrendamento da vías desafectadas con ADIF, en abril de 2018; ou a

recepción definitiva do proxecto, en decembro de 2018. Ese percorrido concluíu coa aprobación definitiva do proxecto en Xunta de Goberno, xa no ano 2020.

Por fin, en xullo do 2021 daban comezo as obras da Vía Verde Santiago-Cerceda no tramo de Oroso. Tras a licitación e adxudicación dos contratos para as obras nos tramos de Oroso, Ordes, Tordoia e Cerceda, tras a súa execución e a súa inauguración, só queda pendente un tramo na que será a Vía Verde de maior lonxitude de toda Galicia: o tramo de Santiago, que é precisamente o seu punto de orixe e que é o Concello que levou o peso da recuperación do proxecto durante o pasado mandato.

Os anuncios realizados pola Deputación da Coruña e a tramitación, na Comisión de Facenda, da Constitución da asociación de concellos "Vía verde Compostela-Tambre-Lengüelle" parecen indicar que, finalmente, o goberno do PSOE tratará de avanzar no desenvolvemento dos traballos no tramo compostelán da Vía Verde.

O punto de inicio desta ruta sitúase na estación da Sionlla, a 8 quilómetros da Estación Intermodal, a 5 dos edificios administrativos de San Caetano, ou a 7 quilómetros da Praza do Obradoiro. Trátase de distancias considerables ás zonas máis poboadas da cidade, distancias que os potenciais usuarios da Vía Verde terán que percorrer por tramos de estrada cun importante volume de tráfico, unha circunstancia que dificultará o acceso en bicicleta ou camiñando ata as antigas vías do ferrocarril cando estean recuperadas. Por iso, cómpre integrar a Vía Verde na trama urbana de Santiago, para tratar de convertela nun verdadeiro eixo vertebrador da zona norte do Concello.

Esa integración é relativamente sinxela, partindo do actual carril bici da avenida de Clara Campoamor, usando as pistas de Brañas de Sar e aproveitando as que descorren actualmente en paralelo ou preto do trazado da vía actual, achegándose ao polígono de Costa Vella, e desde aí ata a vella estación da Sionlla. En todo caso, o Goberno tamén podería utilizar o estudo técnico *"Deseño dunha rede de itinerarios sostibles para a redución da pegada de carbono en Santiago"*, realizado a través dun contrato menor que custou 17.545 euros en xuño de 2021, e que contempla o deseño dunha rede básica de vías ciclistas para o uso urbano, pero tamén dunha rede secundaria que permitiría conectar espazos como a estación intermodal co Polígono do Tambre. A esta necesaria conexión tamén se facía referencia no "Estudo base para a definición do estado actual do uso da bicicleta en Santiago de Compostela e da capacidade de acollida de desprazamanetos ciclistas da rede viaria existente", polo que o Concello de Santiago pagou outros 17.545 euros a través dun contrato menor coa mesma empresa, en setembro de 2020. Sorprendentemente, ambos estudos inclúen a referencia ao Polígono do Tambre e non ao comezo da Vía Verde, malia estar xa proxectada, e cando os informes sinalan a necesidade de darlles continuidade aos diferentes tramos de itinerarios ciclistas.

Commented [1]: ENGADIDO

Polo anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

Instar ao Goberno local a deseñar o itinerario ciclista que conecte a Estación Intermodal coa vella estación da Sionlla, punto de partida da Vía Verde Santiago-Cerceda.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A PUBLICACIÓN URGENTE DUNHA CONVOCATORIA DE AXUDAS A ENTIDADES

PROFESIONAIS E SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE APOIE OS GASTOS CORRENTES PARA PROMOVER O MANTEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os traballadores culturais de compañías de artes escénicas, obradoiros artesanais, asociacións culturais, salas de ensaio e escolas de música e danza, estudos de pintores e creativos diversos, galerías, cines, librerías, oficinas de produción e outros elementos valiosos dunha rede distribuída de espazos que conforma a cultura de Santiago como capital cultural do país, sufren serias dificultades para manter abertos os seus lugares de traballo. O aumento disparado dos gastos correntes polo impacto da derradeira onda da crise enerxética ameaza o desenvolvemento de numerosas actividades culturais profesionais e amadoras en Compostela.

Baseándonos en datos, recollidos previamente ao inicio do conflito de Ucraína, atopamos no Barómetro da Cultura Galega, no apartado de Expectativas para o 2022, unha valoración comparativa co ano anterior marcadamente positiva: o 62,2% do sector da cultura prevía que melloraría a súa situación, fronte ao 11,9% que prevía un posible empeoramento. Estes, como dicíamos, eran os prognósticos en febreiro de 2022. O sector cultural sufrira a crise da Covid con meses de peche e aumento exponencial da produción de contidos dixitais, unha posterior reapertura con aforos moi reducidos, seguida de períodos caracterizados por medidas de control sanitario fluctuantes que repercutiron na orientación do control dos aforos, reprogramacións e cancelacións continuas e, maiormente, na percepción fondamente instalada sobre o medo e a incerteza para planificar un futuro inmediato.

O documento publicado polo Consello da Cultura Galega demostra unha percepción de incremento dos prezos dos produtos xeralizada nas respostas das entidades do sector profesional. O 37% das entidades así o manifesta, o 26,8% apunta un aumento leve e o 10,2%, un aumento significativo.

O impacto do Xacobeo agardado polas entidades culturais do país aumentou significativamente cara este ano xacobeo duplo, 2022: o 29,1 agarda algún impacto positivo para este ano. Sobre a facturación e perspectivas de futuro neste senso, o Barómetro recolle textualmente:

“A influencia da pandemia da COVID-19 na facturación ou orzamento das entidades do sector cultural galego foi moi desigual pois, mentres que o 30,4% das entidades afirma que esa facturación ou orzamento non se chegou a reducir dende o inicio da pandemia, un 36,4% non só recoñece que se viu afectado negativamente, senón que ademais non cre que se recupere ata cando menos 2023. Outro 25,3% tamén viu reducida a súa facturación ou orzamento por mor da COVID-19 pero, ou ben xa recuperou o nivel anterior (11,9%), ou ben conta recuperalo ao longo deste 2022 (13,4%).”

Esta percepción ficou desfasada polo impacto do aumento dos gastos de subministracións (luz e auga), outros servizos (teléfono), ou arrendamentos, entre outros gastos correntes. É preciso atender canto antes a necesidade de apoio neste eido para manter a actividade cultural normalizada na cidade, dando resposta en

tempo e forma ás necesidades do tecido cultural de Santiago.

A falta de axudas ou subvencións e a visibilidade da produción cultural son factores negativos fortemente referenciados polas entidades consultadas, ocupan o segundo e o terceiro lugar da lista, só superadas polo impacto da crise da Covid. As entidades culturais interpeladas polo Consello da Cultura referencian nun 10,3 e 10,2 estas dificultades ou puntos febles do sector cultural galego.

Entre as conclusións deste documento publicado en abril, destaca:

“Un problema importante que xa viñan detectando as entidades en 2021 ten que ver co aumento dos custos e principalmente co incremento dos prezos das subministracións que precisan para a súa produción. O 45,7% das entidades entrevistadas afirma que experimentou un aumento significativo en 2021. A previsión para 2022 é de maiores subas de prezos.

Os custos incrementáronse dunha maneira moi importante nas artes gráficas e a previsión de encarecemento, malia ser xeneralizada, é maior neste subsector, así como no conxunto da edición, nas artes visuais e no teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas. En contraste con esta situación, só un 22,5% trasladou o ano pasado estes incrementos aos prezos que cobran polos produtos ou servizos que ofrecen, o que necesariamente implica falta de rendibilidade ou redución na capacidade de ofrecer servizos segundo sexa a natureza da entidade. En 2022, pese a que o 52,2% prevé non aumentar os prezos, máis dun terzo verase obrigado a facelo. Como resulta esperable, as entidades que en maior medida aumentarán os prezos son aquelas que maiormente veñen sufrindo eses incrementos nos seus insumos.”

A falta de contrastar con datos escalados a nivel municipal -agardamos por un informe actualizado da situación da cultura municipal da cidade-, e tendo en conta que a consulta do Barómetro é previa ao conxuntural do conflito de Ucraína, inferimos unha clara ameaza que pode desestructurar nos próximos meses moitos procesos e actividades culturais que suceden en Santiago de Compostela.

Baseándonos nos anteriores datos, percibimos a necesidade de convocar unhas axudas sectoriais, que poderían ter carácter de gasto anticipado, co obxectivo de promover o mantemento da actividade cultural e o emprego asociado dos/as traballadores/as culturais de Santiago.

Tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta a debate plenario, o seguinte **ACORDO**:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de Goberno a publicar unha convocatoria urxente para subvencionar gastos correntes (arrendamentos, subministracións como luz e auga, telefonía) e outros para promover o mantemento e desenvolvemento da actividade cultural profesional e amadora en Santiago de Compostela.

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSdeG-PSOE, DE CA E DO BNG PARA APOIAR A INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PROMOVIDA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA

En substitución das mocións presentadas polos grupos municipais do Bloque

Nacionalista Galego e de Compostela Aberta, os grupos municipais PSdeG-PSOE, CA e BNG presentan a seguinte moción conxunta para o seu debate no Pleno da Corporación:

Exposición de motivos:

A Consellería de Sanidade, leva anos recortando e desmantelando os recursos da Sanidade Pública Galega, especialmente na Atención Primaria, coa finalidade de reducir gasto e favorecer á sanidade privada, que medra de maneira imparable. Paralelamente, os responsables do SERGAS son incapaces de planificar e xestionar a Atención Primaria, poñendo en cuestión a continuidade do sistema de Atención Primaria.

Entre outras cousas, as reducións de persoal, a prioridade pola consulta telefónica por riba da presencial, as dificultades para contactar cos centros e conseguir cita, o peche de consultas, centros e PAC, etc., impiden o acceso normal á asistencia sanitaria a poboación e crean listas de agarda inaceptables.

Como consecuencia do exposto, desapareceu da Atención Primaria a promoción, prevención, rehabilitación, participación e o traballo comunitario, mentres que o persoal está sometido a unha situación de presión, inestabilidade e precariedade, incompatibles cunha atención de calidade.

Para facer fronte a esta situación, a Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, integrada por organizacións sociais, sanitarias, de pacientes, sindicais e políticas, que pretende que o Parlamento Galego, debata e aprobe unha serie de medidas:

Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.

Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvagardar a calidade da atención aos pacientes.

Acabar coa inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas.

Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urxencias pechados durante os últimos anos.

Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia, atención temperá, logopedia, etc., para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada.

Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia.

Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galicia.

Poñer en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a

actividade dos centros.

Todas estas medidas, recollidas na ILP, deberían aprobarse de maneira urxente polo Parlamento de Galicia, dada a gravidade da situación da Atención Primaria, enrisco real de desmantelamento e privatización, e vir acompañadas dun incremento do orzamento de Atención Primaria ata alcanzar o 25% do total.

As institucións locais, somos esenciais no proceso de recuperar os recursos, garantir a accesibilidade á asistencia, desmasificar as consultas, reabrir os centros e PAC pechados e acabar cas listas de espera que son incompatibles cunha asistencia racional e de calidade, antes de que sexa demasiado tarde.

A veciñanza de Santiago vese afectada directamente polas reducións de persoal, pola prioridade pola consulta telefónica por riba da presencial, polas dificultades para contactar cos centros de saúde e de conseguir cita.

Isto impide o acceso normal á asistencia sanitaria e provoca a creación de listaxes de agarda inaceptábeis e unha continua derivación a centros privados. De feito, cando unha persoa que derivan a centros privados escolle operarse nun público, ademora pode ser de máis dun ano.

Outro exemplo é a falta de pediatra no centro de saúde das Galeras a tempo completo, que agora está en horario compartido con Val do Dubra, e durante o verán, tampouco se cubriron as vacacións do pediatra do centro de saúde de Conxo.

Ademais, a existencia dunha única matrona para atender os barrios de Conxo, Galeras e Vite provoca que se demoren as citas das mulleres embarazadas que sedeben facer en semanas concretas do período de xestación.

Por todo o anterior, o Pleno da corporación **ACORDA**:

O Pleno do Concello de Santiago manifesta o seu apoio á ILP promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública e comprométese a colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario que se realicen, para ter unha Atención Primaria de Calidade.

MOCIÓN PARA INCLUIR SANTIAGO NA REDE FERROVIARIA DE MERCADORÍAS QUE DESEÑA O GOBERNO DO ESTADO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para incluír Santiago de Compostela na rede ferroviaria de mercadorías que deseña o Goberno do Estado co fin de favorecer, entre outros, o tecido industrial e empresarial compostelán e a creación da estación de mercadorías da Sionlla.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro do chamado Eixo 6 da Estratexia de Mobilidade Segura, Sustentábel e Conectada 2030 -Cadeas Loxísticas Intermodais e Intelixentes- o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, lanzou a iniciativa “Mercadorías 30”, coa intención de potenciar o transporte ferroviario de mercadorías como eixo vertebrador das cadeas loxísticas multimodais. Con iso, o Ministerio di apostar pola recuperación económica pos-COVID19 e pola consecución dos obxectivos de descarbonización e sustentabilidade do transporte.

O MITMA identificou unha serie de accións e medidas a curto e medio prazo que prevé implantar antes de 2030 para así, din, elevar a cota modal do transporte ferroviario de mercadorías até o 10%, logrando transvasar os tráxicos de mercadorías que actualmente se realizan por estrada cara a modos máis sustentábeis como o ferrocarril. Con todo, o anuncio do Ministerio deixa fóra das actuacións previstas para potenciar o transporte ferroviario de mercadorías a Galiza.

Nese documento deféndese a necesidade de subvencionar as empresas, dixitalizar o transporte, adaptar as infraestruturas, xestionar mellor a capacidade da rede, habilitar terminais onde fan falta e despregar as autoestradas ferroviarias. Pero ningunha destas innovacións e melloras beneficiará as empresas de Santiago de Compostela, nin tampouco prevé a creación da estación de mercadorías da Sionlla, pois Galiza queda completamente á marxe das previsións destes investimentos anunciados polo Goberno estatal.

As autoestradas ferroviarias consisten, principalmente, nunha conexión onde os gálidos dos túneles e o chan dos vagóns están adaptados de tal forma que o tren pode levar tráileres enteiros ou semirremolques. Neste sentido, vén ser a translación ao sistema ferroviario das autoestradas do mar, reclamadas ao Estado español de modo insistente pola Comisión Europea, que pide un incremento do transporte ferroviario situado na actualidade no 4% da total fronte o 95,7% das toneladas de mercadorías son transportadas por estrada, 13,8 puntos por baixo da media da Unión Europea.

Entre as liñas definidas como “prioritarias” polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana no seu documento “Mercadorías 30” para a implantación das autoestradas ferroviarias tanto en vías de ancho internacional como en ibérico están o eixo Murcia-Valencia-Barcelona-Figueres, así como a conexión entre Gastéiz e Irún en Euskadi. Así mesmo, o documento de traballo do Goberno estatal indica que para a rede de ancho ibérico os itinerarios potenciais discorren desde Huelva, Sevilla e Alxeciras cara a Madrid; desde Madrid cara a Zaragoza e Barcelona; desde Madrid cara a Valencia e desde Madrid cara a Valladolid e Jundiz (Araba); así como entre Medina del Campo (Valladolid) e a fronteira portuguesa por Fontes de Oñoro (Salamanca) e entre Zaragoza, Iruña e Gasteiz. A definición destas vías responde a criterios radiais, primando Madrid como centro da malla comunicativa e deixando fóra da mesma Asturias, Cantabria, Galiza e Estremadura.

En definitiva, o Executivo do Estado decidiu, unha vez máis, priorizar o eixo mediterráneo, así como a conexión con Portugal a través de Salamanca, deixando fóra Galiza, ademais de concibir o mapa das liñas cunha visión claramente centralista, obrigando a que todo o tráfico pase por Madrid.

Esta forma de ordenar o desenvolvemento da rede ferroviaria de mercadorías é unha anomalía se a comparamos co resto do espazo europeo, xa que en ningún outro estado se lle dá prioridade á unión das principais cidades coa capital estatal, senón que se pon ao servizo das necesidades das distintas zonas do seu territorio así como da estrutura económica e empresarial, para favorecer o seu desenvolvemento e a conexión cos mercados prioritarios tanto internos como internacionais.

O motivo de exclusión de Galiza destas medidas non se explica no documento, que non achega ningunha razón ou argumento respecto diso, pero ademais contradí os propios compromisos do Goberno así como os obxectivos marcados por Europa.

Cómpre lembrar neste sentido, en primeiro lugar, que os denominados Corredores da Rede Básica segundo o Regulamento (UE) 2021/1153, incluíron finalmente a conexión con Galiza grazas, fundamentalmente, á defensa realizada polo BNG no Parlamento Europeo e no resto de institucións en que está presente. Debido a esta inclusión, o Estado comprometeu o desenvolvemento e mellora das infraestruturas ferroviarias galegas para o transporte de mercadorías e lograr, así, esa confluencia co mercado e requirido desde a Unión Europea.

En segundo lugar, debe destacarse a importancia económica das importacións e exportacións que chegan aos portos de Galiza e que necesitan para manter a súa competitividade da mellora das súas conexións ferroviarias, o que se incardina nesa desexada intermodalidade entre transporte marítimo, por estrada e ferroviario da que fala o documento.

Así por exemplo, xa no momento actual e sen contar aínda cun transporte específico de mercadorías, o que se embarca e desembarca no catro principais portos de Galiza alcanza as 690.000 toneladas, cantidade que dá unha idea clara das potencialidades que se poderían desenvolver cunha aposta decidida polas conexións ferroviarias.

É máis, Galiza non só non aparece na previsión de investimentos no programa "Mercadorías 30", senón que permanece ameazada pola proposta do Goberno de implantar o pago polo uso de autovías de titularidade estatal.

Así, as empresas galegas veríanse dobremente penalizadas, pois por unha banda non terían acceso ás autovías ferroviarias, debendo utilizar como única posibilidade o transporte por estrada cuxo custo se vería incrementado polo pago destas novas peaxes.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello de Santiago de Compostela insta ao Goberno do Estado a incluír a capital de Galiza dentro das previsións de desenvolvemento das autovías ferroviarias, garantindo a conectividade do transporte de mercadorías ferroviario e a intermodalidade, ademais da creación da estación de mercadorías da Sionlla.
2. O Concello de Santiago de Compostela insta ao Goberno do Estado a apostar polo pleno desenvolvemento da Rede Ten-T en Galiza e a súa integración e conexión nas autovías ferroviarias executando o máis axiña posíbel de forma completa os 275 millóns de euros comprometidos nos Orzamentos do Estado para 2022 con esta finalidade.
3. O Concello de Santiago de Compostela insta ao Goberno do Estado a priorizar a conexión ferroviaria, tamén de mercadorías, entre Galiza e Portugal.
4. O Concello de Santiago de Compostela insta ao Goberno do Estado a retirar, sobre todo mentres non se desenvolva unha adecuada rede de transporte ferroviario, tanto de mercadorías como de viaxeiros/as, a implantación da obrigatoriedade de pago nas autovías de titularidade estatal, que suporía unha grave discriminación para as empresas compostelás e galegas.

MOCIÓN PARA RECOÑECER, DIVULGAR E INVESTIGAR SOBRE O LABOR DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS NA CELEBRACIÓN DO CENTENARIO DA SÚA FUNDACIÓN

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción o seu debate en Pleno para que o Concello de Santiago desenvolva actividades de recoñecemento, divulgación e investigación sobre o labor do Seminario de Estudos Galegos na celebración do centenario da súa fundación o próximo ano.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2023 terá lugar unha das efemérides máis importantes para a cultura galega despois da conmemoración dos centenarios das Irmandades da Fala en 2016 e da publicación da Revista Nós en 2020: a fundación do Seminario de Estudos Galegos.

As Irmandades da Fala conseguiron facer da lingua galega o sinal de identidade do país, potenciando infraestruturas que aseguraron a saída do mundo do privado e o seu emprego na vida pública desde a fundación de Coros Populares, editoriais, compañías de teatro amadoras até a súa defensa pública en actos que percorreron o país. A *Revista Nós*, herdeira directa do espírito das Irmandades da Fala e do seu boletín *A Nosa Terra* (1917), supuxo a renovación estética e literaria, a universalización da cultura galega desde a súa propia realidade e a demostración de que a nosa lingua era válida para calquera ámbito de uso. A Fundación do Seminario de Estudos Galegos significa un pulo máis nesta andaina de dignificación de Galiza: a promoción da investigación sobre o país desde todas as disciplinas lingüísticas.

O SEG foi unha institución onde confluíron en 1923 os desexos e a necesidade de poñer en valor todos os aspectos da cultura galega, ausentes dos estudos universitarios, que promoveu, por unha banda, Losada Diéguez en Pontevedra coa Xuntanza de Estudos e Investigacións Históricas e Arqueolóxicas e, pola outra, un grupo de estudantes de primeiro de Dereito (Lois Tobío, Filgueira Valverde, Ramón Martínez López ou Magariños Negreira) motivados por Wenceslao Requejo Buet, días despois sumaranse estudantes doutros cursos como Fermín Bouza Brey, Romero Cerdeiriña. O 12 de outubro de 1923 nun roteiro simbólico que os leva desde Compostela até Ortoño, á casa da familia paterna de Rosalía, selan esta irmandade. O 23 do mesmo mes asínase acta fundacional do que se denominará Seminario de Estudos Galegos na casa do profesor Armando Cotarelo Valledor en Santiago de Compostela. O grupo irá sumándose toda a intelectualidade galega: membros das Irmandades da Fala (Antón Vilar Ponte, Leandro Carré Alvarellos), a Xeración Nós (Otero Pedrayo, Castelao, Risco e Cuevillas), o arcebispo Manuel Lago González, o arquivista da cidade compostelá, Pablo Pérez Constanti, Xesús Carro ou o matemático e astrónomo Ramón María Aller Ulloa. Cando Cotarelo Valledor se traslade a Madrid o seu presidente será Salvador Cabeza de León.

O SEG estruturouse en diferentes seccións relacionadas coas disciplinas científicas do momento: Filoloxía (coordinada por Cotarelo Valledor), Historia (coordinada por Cabeza de León), Arte e Letras (coordinada por Castelao), Prehistoria (coordinada por F. Cuevillas), Xeografía (coordinada por Otero Pedrayo), Etnografía (coordinada por Vicente Risco), Ciencias Aplicadas (coordinada polo arquitecto Manuel Gómez Román), Pedagogía (coordinada por Manuel Díaz Rozas), Historia da arte (coordinada por Xesús Carro), Ciencias naturais (coordinada por Luís Iglesias). Cómpre sinalarmos que dos membros fundadores, Filgueira Valverde coordinará a sección de Historia da

Literatura e Lois Tobío Fernández a de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas, un dos responsábeis con Carvalho Calero, tamén membro da institución, da redacción do *Anteproyecto do Estatuto da Galiza*. Tamén Isidro Parga Pondal, quen dá nome a unha praza na cidade de Compostela, foi un dos científicos máis relevantes da institución, introduciría os estudos de xeoloxía e minería, crearía dentro das ciencias a subsección de Xeoquímica, con el colaboraría a licenciada en química, Dolores Lorenzo Salgado, a licenciada en farmacia Amparo Arango Fernández, que converterían en obxecto de estudo o volframio, as áreas das praias galegas ou, no campo da bromatoloxía, a composición química dos queixos galegos.

Vinculado desde o inicio co espazo da cidade de Santiago de Compostela tivo un lugar propio no Colexio Maior San Clemente, reuniu unha biblioteca e un pequeno museo relacionado coas súas investigacións etnográficas e arqueolóxicas. A partir de 1927 o editor Ánxel Casal, futuro alcalde da cidade, faise cargo da publicación interdisciplinar *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*; a esta revista habería que sumar outras publicacións fundamentais, para a literatura galega como *Na noite estrelecida* e *A rosa de cen follas* de Ramón Cabanillas e *Cousas I e II* de Castelao; no ámbito da investigación xeográfica, histórica e da arquitectura popular, tres estudos que abren camiños na investigación en galego, *A idade de ferro na Galiza* de F. Cuevillas, *Síntesis xeográfica de Galicia* de Otero Pedrayo e *As cruces de pedra na Bretaña* de Castelao.

Hai cen anos a cidade de Santiago de Compostela, sede do SEG, era tamén a capital científica dunha Galiza con futuro, representada nesa xeración de profesorado, universitarios e universitarias que iniciaron novas liñas de investigación sobre o país e desde o país, que se conectaron co mundo e que lle abriron as portas a investigadores e investigadoras que chegaron de fóra como a romanista alemá Margot Sponer, autora da primeira tese sobre documentos do galego antigo (1931), defendida na daquela Universidade de Berlín. Hai cen anos en Santiago de Compostela alentaba un espírito democrático que soñaba e traballaba para un mundo mellor, con sabedoría, que non podía imaxinar a ruptura que significaría 1936. É xusto que esta corporación honre e celebre esta efeméride.

Coa intencionalidade de que non fiquen na superficialidade ou na simple homenaxe institucional, parece unha obriga das administracións públicas conseguir que se afofunde no coñecemento e difusión do labor do Seminario de Estudos Galegos e das persoas vinculadas a el; que se potencie con investigacións, con obras de carácter artístico, que sexan especificamente creadas con motivo da celebración do seu centenario.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.O Concello de Santiago elaborará unha programación específica continuada ao longo de 2023 sobre o Seminario de Estudos Galegos e a súa relevancia como institución impulsora dos estudos científicos e da investigación en Galiza e en Santiago de Compostela en particular. A programación deberá ter en conta nalgún dos seus apartados a presenza do SEG e dos seus membros na cidade.

2.O Concello de Santiago colaborará con outras institucións de Galiza, fomentando o diálogo e man con man coa Universidade de Santiago de Compostela que se

estenderá a colaboración coas tres universidades galegas, para coordinar a programación a que se refire o punto primeiro e para poder poñer en marcha proxectos máis ambiciosos co obxectivo de salientar a relevancia do Seminario de Estudos Galegos e de estender ao conxunto da poboación a necesidade da investigación e da divulgación científica para coñecermos a realidade de Galiza e o seu futuro.

3.O Concello de Santiago colaborará e propondrá a outras institucións iniciativas que contribúan á visibilidade do papel das investigadoras que formaron parte do Seminario de Estudos Galegos, pioneiras na ciencia en Galiza, como Dolores Lorenzo Salgado, Amparo Aranga Fernández, Encarnación Fraga Padín, Luisa Cuesta (primeira profesora universitaria na Universidade de Compostela), Josefa Iglesias Vilarelle, María Corredoyra, Sara Leirós ou Pura Lorenzana. Así mesmo, visibilizará o testemuño das mulleres sobre esa época como Olimpia Valencia ou Carmen Tobío.

4.O Concello de Santiago colaborará e apoiará aquelas iniciativas que xurdan da base asociativa e cultural para pór en valor e render a homenaxe que merecen as figuras desta etapa da nosa historia.

5.O Concello de Santiago promoverá, coa implicación económica precisa, aquelas iniciativas investigadoras e artísticas (exposicións, roteiros pola cidade de Compostela) que singularicen o espazo e que o relacionen coa investigación científica, sinalando os lugares do saber e da ciencia relacionados co SEG. Difundirá todas as iniciativas que tiveron lugar nos diferentes campos do saber (Primeiro curso de fonética galega na facultade de Dereito, elaboración dun Vocabulario galego-castelán, formación dunha biblioteca, creación dun museo etnográfico, exposicións arqueolóxicas, etc).

6.O Concello de Santiago creará un premio específico de investigación científica para novos grupos de investigación relacionados con Galiza en calquera das disciplinas científicas, que sexa un homenaxe ao labor desenvolvido polo SEG.

7.O Concello de Santiago apoiará e impulsará aquelas iniciativas que xurdan dos centros de ensino para pór en valor e render homenaxe que merecen as figuras desta etapa da nosa historia.

MOCIÓN PARA FREAR O PROXECTO DA LIÑA DE ALTA TENSIÓN QUE PODE DESTRUIR O ESPAZO NATURAL DO SOUTO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para frear o proxecto da liña de alta tensión que pode destruír o espazo natural do Souto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O espazo natural do Souto é unha zona de riqueza patrimonial, natural e paisaxística que se debe preservar como un dos pulmóns de Santiago de Compostela. Porén, o proxecto promovido por Villar Mir Energía, tal como está previsto segundo o anuncio publicado o 22 de agosto de 2022 no DOG, pode provocar danos irreversíbeis cando existen outras solucións alternativas que non agriden este espazo.

O Concello de Santiago debe sumarse ás reivindicacións da Plataforma pola recuperación do Sar, un colectivo que leva anos a promover a divulgación dos valores do Souto e a reclamar a súa protección, e proceder a tramitar perante a Xunta a

declaración como Espazo Natural de Interese Local (ENIL) ou Espazo Privado de Interese Natural (EPIN), segundo corresponda; un acordo que foi aprobado en Pleno en xullo e en novembro de 2019. Ademais, en función das súas competencias ambientais, debe presentar alegacións ao proxecto de Villar Mir Energía para salvagardar este espazo.

Urxe intervir para frear a destrución deste espazo que ten carballos e castiñeiros centenarios, flora e fauna singulares, ademais de elementos etnográficos e arqueolóxicos. É unha paisaxe conformada durante centos de anos, de enorme valor, e a falta de acción e de sensibilidade do Goberno da Xunta pode causar a súa destrución se permite o paso desa liña de alta tensión por este emprazamento natural, que vai provocar a fragmentación ou ruptura dunha unidade paisaxística existente, un feito que a Comisión europea non permite. Outro dos erros do proxecto sometido a exposición pública é que onde identifican as masas de árbores, onde pon piñeiros en realidade son castiñeiros e carballos.

Unha solución pode ser que o trazado desta liña de alta tensión discorra en paralelo á autovía e realizarse de forma soterrada, como fan cando atravesa o Camiño de Santiago, de xeito que cause o menor dano ambiental e impacto visual posíbeis.

O BNG introduciu iniciativas no Parlamento para frear este novo atentado ambiental.

Ademais, o Concello de Santiago pode pular pola compra dos terreos desa área natural que permanecen en mans privadas para unilos aos terreos públicos e conformar un grande espazo natural e xestionalo de maneira acaída de cara a súa divulgación e protección.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello de Santiago presentará alegacións ao acordo do 8 de agosto de 2022 da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto SET colectora Nova 132/220 kV e LAT 220 KV SET colectora Nova-SET Santiago de Compostela, no concello de Santiago de Compostela (A Coruña) (expediente IN408A 2020/166).
2. O Concello de Santiago estudará a posibilidade e, de ser o caso, adquirirá as parcelas necesarias mediante unha negociación coas persoas propietarias de terreos no espazo do Souto para conformar unha área de protección e divulgación natural e patrimonial.
3. O Concello de Santiago trasladaralle á Xunta o rexeitamento da Corporación municipal a este proxecto promovido por Villar Mir Energía que pode destruír os valores naturais, patrimoniais e etnográficos do Souto, de non ser modificado.
4. O Concello de Santiago dará cumprimento aos acordos de xullo e novembro de 2019 e tramitará a declaración do Souto como ENIL e/ou EPIN.

MOCIÓN PARA A ACOMETER A SEGUNDA FASE DAS OBRAS DA RÚA ALTIBOIA, ELIMINANDO OS RESTOS DE OBRA EXISTENTES

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de febreiro rematáronse as obras de adecuación da explanada destinada a aparcamento provisional nas proximidades do Conservatorio Profesional de Música, á beira da rúa Altiboia, ás que se destinaron algo máis de 140.000 euros.

O proxecto executado, datado en novembro de 2018, foi concibido como una primeira fase e na súa memoria recollíase que a previsión de que a esta actuación na parcela municipal RE-4 lle seguiría unha segunda fase para o acondicionamento e reurbanización da rúa de Altiboia. Segundo se desprenda do proxecto, a actuación realizada afectou a unha superficie 3.3312 m², quedando pendente o desenvolvemento 2.372 m² ata completar o total de 5.684 m².

Aínda que o proxecto describía a parcela municipal indicando que fóra da zona empregada para aparcar *“la parte Oeste viene siendo utilizada por el Concello como un vivero de árboles que se plantan provisionalmente en ese espacio para luego ser trasladados a diferentes espacios”* e que *“el resto de la parcela se encuentra en estado natural, sin ningún tipo de uso o intervención”*. O certo é que rematadas as obras da zona de aparcamento, o resto da parcela ofrece unha imaxe lamentable, cunha acumulación de entullos procedentes desta e doutras obras: O *“estado natural”* deu paso a unha vertedoiro que afeia a zona, á vista da veciñanza e dos moitos peregrinos que transitan polo próximo Camiño Francés, e que mesmo se albergan nunhas instalacións lindeiras con estes terreos. Unha situación da que dan conta as imaxes que se anexan con esta iniciativa.

Resulta evidente que a rúa Altiboia e os seus arredores precisan dunha actuación urxente que mellore a súa calidade ambiental e a súa deficiente comunicación, deixando de ser o “patio traseiro” dun contorno onde se teñen rexistrado nos últimos anos moitas melloras, na súa maioría promovidas pola iniciativa privada nos distintos procesos de urbanización e tamén pola acción de mellora do Camiño Francés, levada a cabo pola administración autonómica.

Tendo en conta o dito, o Grupo Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano do Goberno local a que aprobe e, cando menos, inicie a licitación do proxecto para a execución da segunda fase da rúa Altiboia, procedendo canto antes á limpeza e rexeneración da totalidade da parcela municipal onde se asente a área de aparcamento e á ampliación e urbanización do trazado da citada rúa.

MOCIÓN PARA A AXILIZACIÓN E PRIORIZACIÓN DE TRABALLOS DE ROZA E LIMPEZA DE FINCAS MUNICIPAIS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son frecuentes as queixas da veciñanza pola falta de atención do Concello á limpeza e roza das fincas que ten en propiedade, na súa maioría en zonas próximas a vivendas ou en ámbitos sensibles polas actividades que neles se prestan e que xeran un notable tránsito de persoas e vehículos.

Recentemente, o noso grupo presentou un rogo sobre unha destas propiedades en Lamas de Abade, nas proximidades do centro de ensino secundario, denunciada durante anos pola propia comunidade educativa ante o perigo que comporta a falta de roza da masa forestal; e tamén recentemente tivemos noticia dunha petición, reiterada nos últimos tres anos, de varios veciños a rúa Feliciano Barrera Fernández que reclamaban a limpeza dos terreos municipais próximos ao aparcadoiro público de Santa Marta, sen obter resposta.

Na súa petición, estes veciños aluden á maleza nas beirarrúas (con coches abandonados nesa zona) e camiños por onde transitan as crianzas cara aos centros educativos. Tamén se queixan da gran cantidade de insectos e mesmo da presenza de niños de avespas asiáticas nas proximidades dos seus fogares, que atribúen á desatención municipal co mantemento destes terreos. Nos últimos días, de forma sorprendente, e sen que saibamos mediante que forma contractual nin con que criterio de prelación, esta finca municipal foi limpada.

A pesar da frecuencia con que estas queixas se veñen sucedendo ao longo do tempo - en lugares tan dispares como ponte de San Lázaro de Abaixo, Santas Mariñas, Rueiro de Figueiriñas, Mallou ou Vite- o Goberno local non lle ten posto ata o día de hoxe remedio. Este desleixo municipal contrasta coa presión coa que o Goberno lle reclama ao conxunto da cidadanía todos os anos para que rocen e limpen as propiedades privadas, coa ameaza de sancións no caso de non cumprir coas súas obrigas.

A falta de dilixencia do Concello neste asunto quedou patente este mesmo mes de setembro, cando, a piques de rematar o verán, aínda se te iniciado o expediente de licitación do “servizo de roza e limpeza de parcelas municipais no ámbito urbano do termo municipal de Santiago de Compostela”. Un expediente que se pon a andar catro meses despois de que o alcalde publicara un bando no que lembra a normativa autonómica e tamén municipal que obriga a que os terreos situados no solo urbano se manteñan nas debidas condicións de limpeza e coa masa vexetal rozada, advertindo que o Concello “poderá recorrer á execución subsidiaria destas obrigas e aplicar as sanción correspondentes”. Unha actitude que se podería resumir adaptando un coñecido dito: “Obrigas lembro, que para min esquezo”.

Tendo en conta que o procedemento de licitación aínda contempla un prazo de presentación de ofertas ata o vindeiro 4 de outubro e que os preceptivos trámites posteriores continuarán ampliando a demora desta contratación, que aínda por riba unicamente contempla un período de vixencia de 1 ano sen posibilidade de prórroga (senalando que se debería estender durante 5 meses de 2022 e 7 meses de 2023), o Grupo Municipal Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano do Goberno local a

que axilice ao máximo os trámites para adxudicación e execución do contrato do “servizo de roza e limpeza de parcelas municipais no ámbito urbano do termo municipal de Santiago de Compostela”, para iniciar canto antes eses labores nos terreos propios, dándolle prioridade a aquelas zonas nas que a veciñanza ten reclamado de forma reiterada a súa execución.

MOCIÓN PARA REMATAR A EXECUCIÓN DA AUTOVÍA A-54 ENTRE SANTIAGO E LUGO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As infraestruturas viarias dependentes do Goberno de España en Galicia están a sufrir importantes retrasos, xa sexa pola lentitude coa que se están a executar as obras ou porque directamente están paralizadas.

Sexa cal for a razón, a realidade é que vai pasando o tempo e actuacións viarias esenciais para Galicia non avanzan. Nin tampouco hai previsión de que o fagan de xeito significativo a teor da concepción da mobilidade que promulga o actual Goberno de España, que supedita o investimento en infraestruturas e servizos de comunicación unicamente á súa rendibilidade económica.

É obvio que o orzamento do Estado é insuficiente para atender as necesidades de Galicia nesta materia e as contas para o presente exercicio, unha vez máis así o acreditan, con partidas mínimas e sen previsións para as seguintes anualidades, o que aínda é peor.

Son moitos os exemplos que acreditan esta situación, pero un especialmente significativo é o da autovía A-54, básica para conectar o centro e o interior de Galicia e para que a cidade de Lugo teña conexión directa por unha vía de alta capacidade con Santiago de Compostela.

A construción desta autovía iniciouse hai máis de dúas décadas e, a día de hoxe, dos poucos máis dos 100 quilómetros de lonxitude, aínda faltan por rematar algo máis de 28. Trátase dos tramos intermedios de Palas de Rei a Melide e de Melide a Arzúa que, en función das previsións orzamentarias e sendo optimistas, demorarán a entrada en servizo da A-54 na súa totalidade ata, cando menos, o ano 2025.

Á vista do exposto, é lóxico afirmar que o ritmo ao que se está a executar esta infraestrutura viaria é inaceptable, polo que o Grupo Municipal do Partido Popular propón ante a Corporación que se adopte o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a demandar ao Goberno de España axilidade e un impulso decidido, que se poña se manifesto nos avances administrativos necesarios e na dotación das partidas orzamentarias precisas, para rematar no menor tempo posible as obras dos dous tramos pendentes da A-54 que permitan completar canto antes a totalidade do itinerario entre Santiago de Compostela e Lugo.

**MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA
SOBRE A NECESARIA CONSTRUCCIÓN DUN APARCAMENTO PÚBLICO PARA
DARLLE SERVIZO AO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE
SANTIAGO**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción de urxencia para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Goberno municipal leva ao Pleno ordinario deste mes de setembro a aprobación provisional da modificación puntual do PXOM do ámbito do SUD 9-10 (estrada de Vigo-Chouchiños), tras ser debatido na Comisión Informativa de Urbanismo. A proposta é a mesma que foi aprobada inicialmente no Pleno o 22 de decembro de 2021, malia que nesa sesión aprobábase a seguinte emenda:

Acometer as modificacións do PXOM no ámbito do SUD 9-10 (Estrada Vigo-Chouchiños) co obxecto de darlle maior superficie ás parcelas dotacionais previstas que permitan a ampliación do Complexo Hospitalario, resolver mellor os graves problemas de mobilidade e de estacionamento e facer viable o desenvolvemento do planeamento

Ao respecto desa emenda, o informe técnico da proposta para a aprobación provisional da modificación puntual do PXOM indica:

Considero que as modificacións sinaladas, de estimarse procedentes, serán obxecto dun novo procedemento de Modificación do PXOM, ao requirir un estudo máis específico das cuestións formuladas na emenda.

A emenda incorporada para a aprobación inicial da modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9-10 era o resultado da transacción, por parte do grupo de Goberno, da emenda de engádegas que fora presentada por Compostela Aberta, propoñendo a incorporación dun novo punto na proposta:

b) Que de cara á aprobación definitiva da Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9-10 (Estrada de Vigo-Chouchiños) se teña en consideración darlle maior superficie das parcelas dotacionais previstas que permitan a ampliación do Complexo Hospitalario e resolver mellor os graves problemas de mobilidade e de estacionamento existentes e todo o ámbito.

Sobre esa proposta, a xefa de sección de Xestión Urbanística xa se pronunciara en novembro de 2021, indicando o seguinte:

Polo tanto, considero que a MP que se somete a aprobación inicial non impide a futura ampliación do solo dotacional a través do Plan parcial do SUD-9-10, ou, de ser o caso, a través da aprobación dun Plan especial de infraestruturas e dotacións.

A emenda presentada por CA tiña como obxectivo último aproveitar a modificación puntual do PXOM neste ámbito para responder á necesidade de resolver os problemas de mobilidade e estacionamento na contorna do Hospital Clínico, unhas carencias que se verán acentuadas coa próxima ampliación do Complexo Hospitalario Universitario e Santiago.

O pasado 1 de setembro, o Consello da Xunta autorizou a contratación destas obras de ampliación do CHUS, cun orzamento de case 73 millóns de euros. Segundo informou o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, as obras licitaráanse ao longo deste mes, e os traballos poderían arrancar no primeiro trimestre de 2023, cun prazo de execución de 42 meses.

O proxecto de ampliación do CHUS tramitouse a través do procedemento regulado pola Lei 3/2016 de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, de xeito que o Pleno do Concello de Santiago aprobou en setembro de 2021 (coa abstención de CA) a declaración de especial interese e utilidade municipal do anteproxecto, que incumpría as determinacións do PXOM ao exceder da superficie máxima construíble, así como as esixencias en canto a prazas de estacionamento.

O proxecto da ampliación do CHUS, ao que só Compostela Aberta presentou alegacións, non resolveu a cuestión do estacionamento, e a Xunta de Galicia tampouco procurou alternativas, malia que o propio Plan Funcional para a ampliación do Hospital Clínico, aprobado pola Xerencia da Xestión Integrada da Área de Santiago do SERGAS en 2019, sinalaba que *“a ampliación prevista para o Hospital Clínico debido á súa localización implica a supresión dalgunhas prazas de aparcamento en superficie. O que vén a reducir un recurso xa escaso de por sí no Hospital Clínico (...) É por iso que, aínda que dentro do proxecto de ampliación non está prevista a construción de áreas de aparcamento, si debера terse en conta a futuro unha solución global para este servizo”*.

Mentres tanto, o Goberno de Santiago mantivo unha actitude pasiva desde a presentación do anteproxecto e non reivindicou a dotación de prazas de estacionamento co argumento reiterado polo alcalde durante meses de que *“é máis prioritario que os pacientes teñan quirófano ou habitación que onde aparcar o coche”*.

A actitude do actual Goberno municipal, que non asumiu a necesidade de reivindicar un novo aparcamento para o Clínico ata este mesmo verán, contrasta cos pasos dados durante o anterior mandato e co posicionamento que sempre mantivo CA. O Goberno de Compostela Aberta aprobou o estudo de detalle dunha parcela municipal situada na contorna da Hospital Clínico, ao carón do CIMUS, na que se pode construír un aparcamento cunhas 500 prazas distribuídas en tres plantas, e a construción desta estacionamento foi unha petición recorrente que o anterior alcalde, Martiño Noriega, lle formulou ao anterior presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo.

Compostela Aberta tamén levou ao Pleno, en outubro de 2018, unha moción na que urxía á Xerencia do CHUS a realizar os trámites pertinentes para a ampliación e reordenación do aparcadoiro do Hospital Clínico e a completar o estudo sobre as necesidades de estacionamento no recinto, ao tempo que instaba á Xunta de Galicia a incorporar nos orzamentos de 2019 as partidas necesarias para construír un novo parking público que dera servizo ao Hospital. Esa moción foi aprobada cos votos a favor dos concelleiros e concelleiras de Compostela Aberta, mentres que os tres grupos que naquel momento estaban na oposición, PSOE, PP e BNG, decidiron absterse.

Con estes antecedentes, o alcalde de Santiago vén de anunciar que a demanda dun aparcamento para o Hospital Clínico será un dos asuntos que aborde co presidente da Xunta, na reunión que teñen fixada para o próximo 21 de outubro. Ese anuncio non parece vir acompañado de ningún movemento por parte do Goberno, que nin

aproveita a modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9-10, nin traballa nunha nova modificación do PXOM neste ámbito como se acordou no Pleno de decembro de 2021, nin tampouco ten avanzado na opción da utilización da parcela situada ao carón do CIMUS para o aparcamento, xa que o propio alcalde falaba de darlle uso sanitario a pesar de que o planeamento só permite o uso de aparcamento baixo unha praza de uso público.

Tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta a consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de Goberno a iniciar a tramitación dunha nova modificación do PXOM no ámbito do SUD 9-10 (Estrada de Vigo-Chouchiños) para a ampliación de solo dotacional, tendo en conta os problemas de mobilidade e estacionamento existentes na contorna do Hospital Clínico, que se verán agravadas coa próxima ampliación do complexo

O Pleno do Concello de Santiago insta á Xunta de Galicia a asumir o proxecto para a construción dun aparcamento público na parcela municipal situada ao carón do CIMUS, para darlle resposta aos problemas de mobilidade e estacionamento no contorno do Clínico, e seguindo as indicacións do Plan Funcional para a ampliación do CHUS aprobado polo SERGAS en 2019.

O Pleno do Concello de Santiago insta á Xunta de Galicia a incluír o proxecto para a construción dun novo aparcamento público próximo ao CHUS nos seus orzamentos para 2023.

As mocións que figuraban como núms. 1 e 11 na orde do día, presentadas polo PSdeG-PSOE e polo PP para a subsanar o trato discriminatorio na subvención de bolsas de comedor que concede o concello, respectivamente, aplázase o seu debate para unha próxima sesión plenaria por ausencia do concelleiro que se ía encargar da intervención e defensa don Rubén Prol.

Así mesmo, as que figuraban como núms. 4 e 7 na orde do día presentadas por CA e o BNG, en apoio a iniciativa legislativa popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública, foron substituídas por moción conxunta presentada polo PSdeG-PSOE, CA e BNG.

Con respecto á moción presentada por CA para a mellora da conexión ciclista do futuro tramo de vía verde de Santiago co centro urbano, á que presentou emenda de substitución o grupo municipal do PP e despois de ser aceptada por CA, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda instar ao correspondente órgano de goberno municipal a que:

1. Solicite da Deputación Provincial da Coruña o financiamento íntegro do cuarto tramo da Vía Verde entre Santiago e Cerceda, que enlaza A Sionlla e Oroso, e proceda á inmediata licitación do proxecto construtivo.
2. Encargue coa maior urxencia o proxecto para enlazar mediante unha vía peonil e ciclable o núcleo urbano de Santiago coa Vía Verde na Sionlla, contemplando a posibilidade de que con este enlace conecte co Polígono do Tambre e coa senda prevista pola Xunta de Galicia entre o Milladoiro e San Caetano.

En relación á moción presentada por CA para a publicación urxente dunha convocatoria de axudas a entidades profesionais e sen ánimo de lucro que apoie os gastos correntes para promover o mantemento de actividades culturais, despois de ser aceptada a emenda “in voce” do BNG, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda instar ao correspondente órgano de goberno a estudar a posibilidade de publicar unha convocatoria para subvencionar gastos correntes (arrendamentos, subministracións como luz, auga e telefonía) e outros para promover o mantemento e desenvolvemento da actividade cultural profesional e amadora en Santiago de Compostela.

No tocante á moción conxunta dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (que substitúe ás que figuraban como núm. 4 e núm. 7 na orde do día, presentadas por CA e o BNG, respectivamente), para apoiar a iniciativa lexislativa popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (9 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda manifestar o seu apoio á ILP promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública e comprométese a colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario que se realicen, para ter unha atención primaria de calidade.

Con respecto á moción presentada polo BNG para incluír a Santiago na rede ferroviaria de mercadorías que deseña o Goberno do estado, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda:

1. Instar ao Goberno do estado a incluír a capital de Galiza dentro das previsións de desenvolvemento das autovías ferroviarias, garantindo a conectividade do transporte de mercadorías ferroviario e a intermodalidade, ademais da creación da estación de mercadorías da Sionlla.
2. Instar ao Goberno do estado a apostar polo pleno desenvolvemento da Rede Ten-T en Galiza e a súa integración e conexión nas autovías ferroviarias executando o máis axiña posíbel de forma completa os 275 millóns de euros comprometidos nos Orzamentos do Estado para 2022 con esta finalidade.
3. Instar ao Goberno do Estado a priorizar a conexión ferroviaria, tamén de mercadorías, entre Galiza e Portugal.
4. Instar ao Goberno do Estado a retirar, sobre todo mentres non se desenvolva unha adecuada rede de transporte ferroviario, tanto de mercadorías como de viaxeiros/as, a implantación da obrigatoriedade de pago nas autovías de titularidade estatal, que suporía unha grave discriminación para as empresas compostelás e galegas.

Con relación á moción presentada polo BNG para recoñecer, divulgar e investigar sobre o labor do Seminario de Estudos Galegos na celebración do centenario da súa fundación, á que presenta unha emenda de engádegas o PP, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda que o concello:

1. Elaborará unha programación específica continuada ao longo de 2023 sobre o Seminario de Estudos Galegos e a súa relevancia como institución impulsora dos estudos científicos e da investigación en Galiza e en Santiago de Compostela en particular. A programación deberá ter en conta nalgún dos seus apartados a presenza

do SEG e dos seus membros na cidade.

2. Colaborará con outras institucións de Galiza, fomentando o diálogo e man con man coa Universidade de Santiago de Compostela que se estenderá a colaboración coas tres universidades galegas, para coordinar a programación a que se refire o punto primeiro e para poder poñer en marcha proxectos máis ambiciosos co obxectivo de salientar a relevancia do Seminario de Estudos Galegos e de estender ao conxunto da poboación a necesidade da investigación e da divulgación científica para coñecermos a realidade de Galiza e o seu futuro.

3. Colaborará e propondrá a outras institucións iniciativas que contribúan á visibilidade do papel das investigadoras que formaron parte do Seminario de Estudos Galegos, pioneiras na ciencia en Galiza, como Dolores Lorenzo Salgado, Amparo Aranga Fernández, Encarnación Fraga Padín, Luísa Cuesta (primeira profesora universitaria na Universidade de Compostela), Josefa Iglesias Vilarelle, María Corredoyra, Sara Leirós ou Pura Lorenzana. Así mesmo, visibilizará o testemuño das mulleres sobre esa época como Olimpia Valencia ou Carmen Tobío.

4. Colaborará e apoiará aquelas iniciativas que xurdan da base asociativa e cultural para pór en valor e render a homenaxe que merecen as figuras desta etapa da nosa historia.

5. Promoverá, coa implicación económica precisa, aquelas iniciativas investigadoras e artísticas (exposicións, roteiros pola cidade de Compostela) que singularicen o espazo e que o relacionen coa investigación científica, sinalando os lugares do saber e da ciencia relacionados co SEG. Difundirá todas as iniciativas que tiveron lugar nos diferentes campos do saber (Primeiro curso de fonética galega na facultade de Dereito, elaboración dun Vocabulario galego-castelán, formación dunha biblioteca, creación dun museo etnográfico, exposicións arqueolóxicas, etc).

6. Creará un premio específico de investigación científica para novos grupos de investigación relacionados con Galiza en calquera das disciplinas científicas, que sexa un homenaxe ao labor desenvolvido polo SEG.

7. Apoiará e impulsará aquelas iniciativas que xurdan dos centros de ensino para pór en valor e render homenaxe que merecen as figuras desta etapa da nosa historia.

8. Integrará nos grupos de traballo que se creen xa para a celebración do Centenario do Seminario de Estudos Galegos impulsado pola Xunta de Galicia, MPG, CCG e RAG.

Con respecto á moción presentada polo BNG para frear o proxecto da liña de alta tensión que pode destruír o espazo natural do Souto, na que se admite a votación separada por puntos, o Pleno da Corporación acorda:

1. Por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, que o concello presentará alegacións ao acordo do 8 de agosto de 2022 da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto SET colectora Nova 132/220 kV e LAT 220 KV SET colectora Nova-SET Santiago de Compostela, no concello de Santiago de Compostela (A Coruña) (expediente IN408A 2020/166).

2. Por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 8 PP e 5 CA) e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, que o concello estudará a posibilidade e, de ser o caso, adquirirá as parcelas necesarias mediante unha negociación coas persoas propietarias de terreos no espazo do Souto para conformar unha área de protección e divulgación natural e patrimonial.

3. Por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, que o concello trasladaralle á Xunta o rexeitamento da Corporación municipal a este proxecto promovido por Villar Mir Energía que pode destruír os valores naturais, patrimoniais e etnográficos do Souto, de non ser modificado.

4. Por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 8 PP e 5 CA) e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, o concello dará cumprimento aos acordos de xullo e novembro de 2019 e tramitará a declaración do Souto como ENIL e/ou EPIN.

Con respecto á moción presentada polo PP para acometer a segunda fase das obras da rúa Altiboia eliminando os restos de obra existentes, á que presentou emenda o BNG que non foi admitida, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG) e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano do goberno local a que aprobe e, cando menos, inicie a licitación do proxecto para a execución da segunda fase da rúa Altiboia, procedendo canto antes á limpeza e rexeneración da totalidade da parcela municipal onde se asente a área de aparcamento e á ampliación e urbanización do trazado da citada rúa.

No tocante á moción presentada polo PP para a axilización e priorización de traballos de roza e limpeza de fincas municipais, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda, instar ao correspondente órgano do Goberno local a que axilice ao máximo os trámites para adxudicación e execución do contrato do “servizo de roza e limpeza de parcelas municipais no ámbito urbano do termo municipal de Santiago de Compostela”, para iniciar canto antes eses labores nos terreos propios, dándolle prioridade a aquelas zonas nas que a veciñanza ten reclamado de forma reiterada a súa execución.

Con respecto á moción presentada polo PP para rematar a execución da autovía A-54 entre Santiago e Lugo, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda, instar ao correspondente órgano do goberno local a demandar ao Goberno de España axilidade e un impulso decidido, que se poña se manifesto nos avances administrativos necesarios e na dotación das partidas orzamentarias precisas, para rematar no menor tempo posible as obras dos dous tramos pendentes da A-54 que permitan completar canto antes a totalidade do itinerario entre Santiago de Compostela e Lugo.

Na moción de urxencia presentada por CA sobre a necesaria construción dun aparcamento público para darlle servizo ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, á que presentou emenda o grupo municipal do PP que non foi admitida, así mesmo, tamén presentou emenda “in voce” o alcalde e tras ser admitida, e

acordándose no debate a votación separada por puntos:

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda instar ao correspondente órgano de goberno a iniciar a tramitación dunha nova modificación do PXOM no ámbito do SUD 9-10 (Estrada de Vigo-Chouchiños) para a ampliación de solo dotacional, tendo en conta os problemas de mobilidade e estacionamento existentes na contorna do Hospital Clínico, que se verán agravadas coa próxima ampliación do complexo.

Por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 9 PSdeG-POSE e 2 BNG) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP acorda:

a) Instar á Xunta de Galicia a asumir o proxecto para a construción dun aparcamento público na parcela municipal situada ao carón do CIMUS, para darlle resposta aos problemas de mobilidade e estacionamento no contorno do Clínico, e seguindo as indicacións do Plan Funcional para a ampliación do CHUS aprobado polo SERGAS en 2019.

b) Propor á Xunta de Galicia a incluír o proxecto para a construción dun novo aparcamento público próximo ao CHUS nos seus orzamentos para 2023.

O Alcalde pecha a sesión ás 20:27 horas. Dou fe.